Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno

- 41612 - 34143 (11/PRE-012238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego após terse permitido a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas festas da Pascua 2022 en Padrón

- 41629 - 34473 (11/PRE-012272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a agresión realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical

- 41415 - 34782 (11/PRE-012310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2022

- 41412 - 34927 (11/PRE-012328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral

- 41429 - 26538 (11/PRE-012582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a exclusión do xornal *Nós Diario* da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021

- 41426 - 26650 (11/PRE-012621)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a aprobación do I plan de igualdade da Corporación Radio e Televisión de Galicia segundo as exixencias da lexislación vixente

- 41425 - 26848 (11/PRE-012692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza

- 41423 - 27264 (11/PRE-012831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Rivas Cruz, Xosé Luís

Sobre a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce

- 41440 - 27503 (11/PRE-012940)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría

- 41439 - 27583 (11/PRE-012974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as medidas da Xunta de Galicia respecto da degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das brañas do Deo

- 41437 - 27969 (11/PRE-013101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a postura do Goberno galego respecto de referendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais

- 41461 - 28575 (11/PRE-013285)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o desdoblamento do Centro de Saúde da Milagrosa, en Lugo

- 41459 - 28743 (11/PRE-013290)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre a sanción imposta a unha traballadora do Servizo de Urgencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

- 41457 - 28775 (11/PRE-013305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada PO-363

- 41456 - 28786 (11/PRE-013314)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para garantir a supervivencia do sector da hostalería

- 41455 - 28801 (11/PRE-013329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto, no sector do comercio ambulante, das medidas establecidas para afrontar a covid-19

- 41454 - 28814 (11/PRE-013340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña

- 41633 - 29280 (11/PRE-013415)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o incremento de persoal na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- 41501 - 29664 (11/PRE-013449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o apoio á creación cultural galega por parte dos medios audiovisuais públicos de Galicia

- 41401 - 29796 (11/PRE-013484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta

- 41398 - 30213 (11/PRE-013530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da realización dun estudo sobre a situación do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais

- 41495 - 30417 (11/PRE-013552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do emprego na agricultura no primeiro semestre de 2021

- 41494 - 30418 (11/PRE-013553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do emprego na agricultura no primeiro semestre de 2021

- 41395 - 30602 (11/PRE-013568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da diminución das mulleres ocupadas por mor da pandemia

- 41613 - 30736 (11/PRE-013582)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as medidas de reforzo do persoal nos órganos xurisdicionais de Galicia

- 41491 - 30775 (11/PRE-013589)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a diagnose do Goberno galego respecto da fenda salarial entre mulleres e homes

- 41487 - 30830 (11/PRE-013596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre a protección cautelar ou protección preventiva, prevista na Lei 5/2019, do patrimonio natural e a biodiversidade, nas Brañas do Deo, situadas nos concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Curtis

- 41486 - 30872 (11/PRE-013602)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre os incumprimentos laborais da Xunta de Galicia e da empresa Mersant Vigilancia, adxudicatária da seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín

- 41667 - 30989 (11/PRE-013612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais

- 41483 - 30993 (11/PRE-013614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre A Cruz da Maceira, no concello de Marín, e Pardavila

- 41480 - 31197 (11/PRE-013638)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno

- 41478 - 31256 (11/PRE-013646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o proxecto e características do novo centro de saúde que se pretende construír no concello de Meis

- 41475 - 31879 (11/PRE-013696)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns polas que o Goberno galego renovou o convenio co Consello da Avogacía para a asistencia xurídica a través do servizo de atención telefónica para supostos de ocupación ilegal de vivendas

- 41468 - 33001 (11/PRE-013806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a execución do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021

- 41662 - 34447 (11/PRE-013965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

- 41661 - 34453 (11/PRE-013967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 4 máis

Sobre a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical

- 41630 - 34472 (11/PRE-013971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a condena pola agresión realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical

- 41416 - 34774 (11/PRE-014005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a necesidade de someter a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria o proxecto da planta de transferencia de Sogama situada no concello de Arbo

- 41414 - 34783 (11/PRE-014006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2022

- 41392 - 35000 (11/PRE-014031)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre o estado dos traballos de recheo nunha parcela no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo

- 41370 - 35670 (11/PRE-014111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre o balance e as previsións do proceso de conversión dixital da Radio Galega

- 41364 - 36282 (11/PRE-014185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a apertura da convocatoria de axudas do Bono Alugueiro Novo e a complementación deste con fondos propios para o alcance das axudas ao alugueiro

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.6. Composición da Mesa das comisións

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN RTVG

Elección da secretaria da Comisión

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, na súa sesión do 29 de setembro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Elección de secretario/a da Comisión

- (11/CEEM-000036)

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG

Elección de secretario/a da Comisión

Secretaria: María González Albert

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2022

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de setembro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 28 de setembro de 2022 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte á publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puiden asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara. O delegante deberá indicar o sentido do seu voto ao delegado e este emitirá o voto no sentido indicado polo delegante.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Con data do 30 de setembro de 2022 publicouse no *Boletín Oficial do Parlamento* a convocatoria da sesión plenaria para o día 4 de outubro, mais sen inclusión das mocións, cuxo prazo para a súa presentación aínda non rematara.

Publicadas agora, neste mesmo BOPG, por Resolución da Presidencia do 1 de outubro de 2022, procédese á publicación da convocatoria, con inclusión das devanditas mocións.

Sesión plenaria (día 4 de outubro de 2022, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 4 de outubro de 2022, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 28 de setembro de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde (41316, 11/PL-000015)

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Publicación da proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Publicación das emendas á totalidade (Resolución da Presidencia do 30 de setembro de 2022 de admisión a trámite dos doc. núm. 42071 e 42072), BOPG nº 389, do 3.10.2022

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, da regulación do xogo en Galicia (doc. núm. 34474, 11/PPL-000011)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 318, do 12.05.2022

Punto 2. Comparecencia

2.1 40288 (11/CPP-000100)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar dos avances nas medidas en marcha para o reforzo da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

Punto 3. Mocións

3.1 42036 (11/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo



Sobre o servizo de transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40049, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 389, do 03.10.2022

3.2 42037 (11/MOC-000116)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40462, publicada no BOPG núm. 383, do 22 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 389, do 03.10.2022

3.3 42077 (11/MOC-000117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 40146, publicada no BOPG núm. 379, do 14 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 27 de setembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 389, do 03.10.2022

Punto 4. Propositions non de lei

4.1 32630 (11/PNP-003381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

de iniciativa popular, de rehabilitación dos dereitos do persoal do Servizo Galego de Saúde suspendidos pola Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos de Galicia, para o exercicio 2010

Publicación da iniciativa, BOPG nº 360, do 12.08.2022

4.2 36257 (11/PNP-003237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e catorce deputados/as máis

Sobre a solicitude que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España dun PERTE singular para destinar os fondos necesarios que permitan dar viabilidade aos proxectos industriais priorizados pola Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 334, do 22.06.2022

4.3 36955 (11/PNP-003309)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para facer efectiva a asistencia sanitaria ás persoas afectadas con enfermidades raras, así como a actualización dos criterios e importes establecidos na Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se regulan prestacións por desprazamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350, do 26.07.2022

4.4 37488 (11/PNP-003336)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia, logo do acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias, dun plan a dous anos para auditar os concellos co fin de minimizar as perdas de auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

4.5 40963 (11/PNP-003471)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que as familias con rendas *per cápita* inferiores a 12.000 € poidan facer fronte aos gastos de inicio de curso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

4.6 41603 (11/PNP-003518)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre o apoio do Parlamento de Galicia á prohibición do proxenetismo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia contra a explotación sexual e a favor da abolición da prostitución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

4.7 41720 (11/PNP-003528)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central relativa á incorporación, na axenda da reunión bilateral, de determinadas cuestións para tratar co Goberno alemán na Coruña e, no programa de traballo para a Presidencia española do Consello da Unión Europea de 2023, de determinados elementos de especial interese para Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 386, do 27.09.2022

Punto 5. Interpelacións

5.1 36128 (11/INT-001872)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 22.06.2022

5.2 39636 (11/INT-001955)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre o impulso da economía circular en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 31.08.2022

5.3 41162 (11/INT-001999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e 2 deputados/as máis

Sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 41924 (11/POPX-000079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas de política social previstas para dar resposta ás necesidades da cidadanía galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

6.2 41925 (11/POPX-000080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a eficacia das medidas tomadas para garantir o dereito de acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 39324 (11/POP-006098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre a reindustrialización da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022

7.2 41923 (11/PUP-000280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

7.3 40635 (11/POP-006200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Pérez López, Daniel

Sobre os criterios empregados pola Xunta de Galicia para determinar o prezo do contrato de patrocinio do concerto de Muse

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.4 41296 (11/POP-006275)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións promovidas polo Goberno galego para resolver a situación xerada polo derrubamento rexistrado na estrada LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.5 41037 (11/POP-006228)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego para dar resposta á comunidade educativa da comarca de Curtis na demanda dun servizo razoable de transporte escolar que cubra as necesidades de bacharelato e formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

7.6 41904 (11/PUP-000279)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre o proceso de adxudicación das pantallas do plan Abalar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 388, do 30.09.2022

7.7 39498 (11/POP-006109)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez Domínguez, Fernando e sete deputados/as máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de creación do novo centro de saúde de Caldas de Reis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 370, do 30.08.2022

7.8 41195 (11/POP-006244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e dous deputados/as máis

Sobre a situación actual do proxecto de aldea modelo de Osmo, no concello de Cenlle

Publicación da iniciativa, BOPG nº 382, do 21.09.2022

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 30 de setembro de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fixan as puntuacións definitivas do proceso selectivo, se declaran as persoas que o superaron e se propón á Mesa do Parlamento o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un



acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021), na súa sesión do 30 de setembro de 2022,

RESOLVEU:

Primeiro. Unha vez publicadas, mediante resolución do 19 de setembro de 2022, as cualificacións definitivas do terceiro exercicio, logo de resolver as alegacións presentadas, aprobar a listaxe coas cualificacións definitivas das persoas aspirantes que superaron os tres exercicios:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	Cualificacións			
			1º ex.	2º ex.	3º ex.	TOTAL
1	PERNAS RUBAL, CRISTIAN	***8445**	11,85	16	26,45	54,30
2	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA DEL MAR	***6111**	13,55	12	28,20	53,75
3	PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR	***5859**	13,35	12,5	25,25	51,10

Segundo. Declarar que, de acordo coa base 7.1 da convocatoria, só superaron o proceso selectivo as dúas persoas que acadaron a maior puntuación.

Terceiro. Propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Cristian Pernas Rubal e María del Mar López González como persoal funcionario de carreira, da escala técnica de publicacións, do corpo superior do Parlamento de Galicia.

Cuarto. Segundo a base décima da convocatoria, referida á constitución dunha lista de espera para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino, e dado que en tal lista se integran as persoas que superen, cando menos, os dous primeiros exercicios, declarar que, ademais da persoa que superou os tres exercicios sen obter o nomeamento como persoal funcionario de carreira, formarán parte da listaxe de substitucións as persoas que superaron os dous primeiros exercicios, con expresión da suma da puntuación acadada neles.

En consecuencia, a lista de substitucións queda establecida da seguinte forma:

	APELIDOS DE NOME	DNI	1º ex.	2º ex.	3º ex.	TOTAL
1	PARDO ÁLVAREZ, HÉCTOR	***5859**	13,35	12,5	25,25	51,10
2	BARÁ LOURO, MARÍA	***6372**	11,8	14		25,80
3	VIDAL REIMÚNDEZ, CARME MARÍA	***8736**	12,75	12		25,55
4	ALEXANDRE TEIXEIRO, PAULA	***9684**	11,8	10,5		22,30

Quinto. Publicar esta resolución, en cumprimento da base 7.1 da convocatoria, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da Institución.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022
Raquel Rodríguez Carro
Presidenta do tribunal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde [11/PL-000015 (doc. núm. 41316)], en base ás seguintes consideracións:**

Con este proxecto de lei pretende a Xunta de Galiza solucionar pola vía dunha lei extraordinaria, un problema estrutural, consecuencia de 13 anos de políticas nefastas. Responde á carreira na que está inmersa dunha campaña permanente, con spot publicitario diario, na vez de liderar a situación, pórse á fronte e aportar solucións.

Un problema estrutural, consecuencia de anos de medidas para chegar a esta situación, non se soluciona por un procedemento excepcional, non se soluciona se non se vai á orixe do mesmo.

Na propia parte expositiva explíctase que é un problema estrutural e a renglón seguido, en todas as páxinas que se adican a argumentar a necesidade da lei, nin unha liña a avaliar as causas de por que se chegou a esta situación, a cales son os problemas estruturais.

Antes de tomar medidas excepcionais, é precisa información, unha avaliación sobre as categorías deficitarias de FEAS, de médi@s de Familia e Comunitaria, de pediatras, enfermería, e as medidas que vai tomar para subsanar esta situación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Información dos cadros de persoal dos que a Xunta reconece no documento que hai déficit.
- Información das xubilacións nas categorías afectadas producidas e cales foron cubertas, prazas de MIR convocadas.
- Previsión de xubilacións nas categorías afectadas nos próximos anos, e prazas MIR a convocar.
- Establecer as condicións que debe ter un posto de traballo para ser considerado de difícil cobertura, e as condicións laborais e retributivas do persoal que acceda a un deses postos.

Neste proxecto de lei non se propoñen medidas dirixidas a facer atractivas estas prazas con “incentivos axeitados e potentes” como establece o informe ao que se fai referencia do Ministerio “Informe Oferta-Necesidad de Especialistas médic@s 2021-2035”.

Resulta preocupante que por parte da Xunta se impulse de novo unha Lei con carácter extraordinario para acceder a prazas de facultativos do Sergas, como xa fixo coa Lei 18/2021 de medidas fiscais e administrativas para acceder a prazas para persoal facultativo especialista de atención primaria; convertendo unha vía excepcional como é o sistema de concurso como vía de acceso a prazas de facultativos do Sergas en habitual.

Contempla incorporar o persoal previsto no Plano de Saúde Mental de Galicia, sen presentar un estudo de cales son as necesidades de persoal nesta materia.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Establece un agravio comparativo, ao contemplar que os sete hospitais comarcais teñen problemas de cobertura e logo exclúe aos hospitais do Salnés e do Barbanza da valoración triple de servizos prestados.

Consideramos que este proxecto de lei é un mal parche; modifica o sistema de acceso, rompe a igualdade, a equidade e a unidade do mesmo, ao tempo que consolida agravios xa creados e non aporta solucións.

Por todas estas razóns, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula emenda de totalidade ao Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/09/2022 13:55:28





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2022 13:55:45



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 41316), con expresa petición de devolución por considerar que existen tanto problemas de fondo como de forma neste texto.

En termos formais, esta proposta está presentada usando trámites de urxencia que reducen o proceso parlamentario que podería enriquecer e mellorar un texto que é notoriamente vago e impreciso, así como que deixa abertas cuestións que deberían estar mellor explicitadas. Esta proposta de norma non foi tampouco explicitada con anterioridade, nin exposta no seu fundamento no propio Parlamento de Galicia ou anunciada e compartida con anterioridade. Supón, en definitiva, unha entrega dunha solución pechada xa no momento de dilucidar o proceso, máis enfocado como un trámite burocrático que como unha ferramenta política para tentar de solucionar problemas. Un proceso máis participativo permitiría ter unha mellor norma, e afrontar ademais a realidade evidente dun problema de xestión de RR.HH durante a última década no Sergas que provoca serias dificultades para manter a calidade asistencial necesaria.

De maneira engadida, o texto proposto recibiu numerosas alegacións por parte do colectivo máis relevante e principalmente afectado, como son os profesionais sanitarios. Así o Consello Xeral dos Colexios Médicos de Galicia, ao igual que varios sindicatos de traballadores do sistema sanitario de Galicia, estiman a necesidade de revisar a lei e refacer un texto que non trasladará solucións a un problema certo. Todas estas alegacións son rexeitadas polo Goberno de Galicia, non atendendo as formulacións dos propios profesionais aos que esta lexislación di dirixirse.

En termos de fondo e sobre o contido da lei, o texto é manifestamente mellorable. Afronta un problema claramente existente, a necesidade de cubrir prazas con notorios problemas para ser ocupadas. No entanto, non pretende esta lei ir directa a resolver os problemas coñecidos e recoñecidos polos que esas prazas non son cubertas, senón que pretende apuntar algunha das vías de mellora en solitario, sen acompañala doutras medidas. Non é posible legislar para incluír unha parte da solución (mellorar as valoracións para futuros desenvolvementos de carreira profesional, traslados ou concursos internos) sen implicar outras patas da mesma mesa, como son a estabilidade laboral ou a formulación de estratexias



de acción funcional que recollan a dotación de prazas en contornos comarcais e rurais e a necesaria formación e práctica continuada das persoas profesionais.

Adolece, ademais, de concreción necesaria esta normativa en varios dos termos que pretende regular, evitando explicitar moitas das medidas o que deixa o texto con vagas terminoloxías que logo impedirán avaliar os resultados en termos de saúde e mellora dos profesionais. Por tomar un exemplo, non resulta clarificador o que significarán, de maneira aplicada, os termos “promover”, “impulsar” ou “priorizar” incluídos no artigo 5, que son termos que existen en numerosas propostas normativas e resolucións parlamentarias que logo son imposibles de estimar sobre o seu cumprimento debido á súa ambigüidade. Tampouco contribúe á claridade algunha referencia sobre o que son considerados “desfases” de persoal entre cadro de persoal que formalmente corresponde a un centro e os “efectivos reais” deste, non explicando como se contabilizará este último índice. Neste mesmo eido, non se especifica que significan as “circunstancias demográficas” ás que se fan referencia.

De maneira máis profunda, as alegacións presentadas por colexios médicos e sindicatos profesionais de sanitarios apuntan a incumprimentos notorios desta proposta de cuestións legais. Probablemente, a máis contundente ten que ver co emprego de recursos extraordinarios, como o que propón esta lei vía concurso pero non oposición, que debería ser utilizado en situacións moi excepcionais e que está sendo posto en práctica de maneira recorrente, tomando como referencia algunha recente convocatoria de prazas por esta vía no propio Sergas. Esta apelación que fan os distintos colectivos, fundamentada no Estatuto Básico dos Empregados Públicos, é denegada e non tida en consideración polo Goberno da Xunta de Galicia.

A creación dun sistema dual de postos laborais no Sergas onde profesionais que teñen as mesmas competencias, a mesma formación, os mesmos espazos e os mesmos obxectivos de traballo vaian ter consideracións e condicións laborais distintas provoca, ademais, un problema realmente grave na xestión dos RR.HH. Como é apuntado tamén nas alegacións dalgún colectivo, estas prácticas recibiron consideracións moi negativas polo propio Tribunal Constitucional, o que resulta de moi seria advertencia sobre esta lexislación.

Por estas cuestións sinaladas en termo xeral, este grupo presenta a súa emenda á totalidade a esta lei, recomendando que sexa paralizada a súa tramitación e instando ao Goberno da Xunta de Galicia e aos grupos políticos no Parlamento de Galicia a consensuar, en colaboración estreita cos colectivos afectados e implicados de profesionais sanitarios, unha normativa que afronte este problema real de difícil cobertura de prazas no sistema público de saúde de Galicia.





Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2022 16:03:59





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 28 de setembro, sobre o servizo de transporte público por estrada (doc. núm **40049**, [11/INT-001967]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Mobilizar 40 millóns de euros para fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:

-Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte intracomarcal e rural.

-Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas etc.

-Posta en marcha bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.

-Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Reforzar o control e inspección, a todos os niveis, velando e facendo efectivo o cumprimento estrito dos contratos asinados coas empresas concesionarias.”

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/09/2022 10:57:29

Ana Pontón Mondelo na data 30/09/2022 10:57:42



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Noelia Otero Lago**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 27 e 28 de setembro do 2022, sobre o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar (11/INT-001976, doc. núm. 40462).

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comprometer e contemplar nos vindeiros orzamentos a recuperación da gratuidade universal dos libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio.

Pazo do Parlamento, 29 de setembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 30/09/2022 11:11:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2022 11:12:11



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 27 de setembro de 2022, sobre as políticas de prevención de incendios do Goberno galego (doc. núm. 40146).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a mellorar a xestión dos incendios nos espazos naturais protexidos de Galicia, a través das seguintes medidas:

- 1º) Garantir a coordinación entre as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural.
- 2º) Incrementar os labores de prevención de incendios neses espazos, sempre de forma respectuosa cos seus valores ambientais.
- 3º) Establecer cortalumes formados por especies forestais autóctonas.
- 4º) Incentivar o pastoreo neses espazos para diminuír a presenza de biomasa inflamable.
- 5º) Establecer mapas de riscos e protocolos de actuación específicos para o caso de incendio neses espazos.
- 6º) Facilitar que os axentes de medio ambiente participen nas tarefas de prevención e extinción dos incendios neses espazos.
- 7º) Evitar a erosión do solo queimado co deseño de protocolos de actuación adaptados a cada espazo para a súa restauración tras os incendios.
- 8º) Posibilitar a fixación de poboación coa mellora dos servizos públicos e o establecemento de estímulos á actividade económica neses espazos.
- 9º) Avaliar o coste de implantar pagos por servizos ecosistémicos nos espazos naturais protexidos de Galicia.



10º) Ofrecer mecanismos estables e facilmente accesibles para a formación práctica en materia de prevención e extinción de incendios da poboación deses espazos, que posibiliten tanto a concienciación como a autoprotección en caso de necesidade.

Pazo do Parlamento, 30 de setembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/09/2022 16:51:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/09/2022 16:51:44





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **33544** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade para que os servizos públicos ou entidades sociais colaboradoras poidan acreditar cun informe a condición de vítima de trata e explotación sexual"** (publicada no BOPG número 308 do 18 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno do Estado aprobou o Real decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, no que se contemplan medidas concretas no ámbito da atención ás vítimas de trata e explotación sexual que non se poderían poñer en marcha sen a colaboración das Comunidades Autónomas.

Así, na Conferencia Sectorial de Igualdade, celebrada o pasado 27 de maio, aprobouse por unanimidade o Acordo para a acreditación da condición de vítima de trata de seres humanos o explotación sexual, así como outras actuacións en materia de vítimas de trata con fins de explotación sexual e mulleres en contextos de prostitución.

Dito acordo foi remitido, previamente, ás distintas Comunidades Autónomas para alegacións. En Galicia, a Xunta consensuou coa Rede Galega contra a Trata propostas co obxectivo de mellorar ou matizar o borrador de acordo e que finalmente foron incorporadas polo Ministerio de Igualdade.



En canto ás entidades e organismos públicos que poderán emitir os informes de acreditación, en Galicia son:

- Servizos sociais da Administración pública autonómica ou local.
- Centros que compoñen a rede galega de información a Mulleres.
- Centros da Rede galega de acollemento.
- Servizos sociais comunitarios e especializados de Galicia, dependentes ou adscritos á Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia
- Entidades especializadas e con experiencia acreditada na detección, atención e protección a vítimas de trata con fin de explotación sexual que colaboran coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia:

ACCEM
ALIAD-ULTREIA
CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO
CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CRUZ ROJA ESPAÑOLA
ONG ECOS DO SUR
ASOCIACION FARAXA POLA ABOLICIÓN DA PROSTITUCIÓN
FUNDACIÓN DE SOLIDARIDAD AMARANTA
HERMANAS OBLATAS DEL SANTÍSIMO REDENTOR DE FERROL
MÉDICOS DEL MUNDO
ONG FIET GRATIA





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

Por último, sinalar que tanto nos fondos finalistas do Pacto do Estado, como nos referidos ao Plan Corresponsables, as mulleres vítimas de trata, vítimas de violencia de xénero, teñen prioridade nos obxectivos dos programas financiados con ditos fondos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:04:02
Nº Rexistro: 41466
Data envío: 20/09/2022 11:04:02.869

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:03:59

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **34110** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, sobre **“os concellos beneficiados polas subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero e o importe da subvención para cada un deles”** (publicada no BOPG número 316 do 5 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Infórmase que a deputada poderá consultar a documentación solicitada, previa cita no servizo correspondente, nas dependencias da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, sitas no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n - 15781 Santiago de Compostela.

A Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, establece as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento SI461A).

Así, poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución os concellos galegos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal.



O número máximo de contratacións a subvencionar a cada entidade solicitante establécese segundo a poboación do ámbito territorial da entidade, de acordo co seguinte:

- a) Ata 5.000 habitantes: 1 contratación
- b) Entre 5.001 e ata 20.000 habitantes: ata un máximo de 2 contratacións
- c) Entre 20.001 e ata 50.000 habitantes: ata un máximo de 4 contratacións
- d) Máis de 50.000 habitantes: ata un máximo de 6 contratacións

Será subvencionable cada contrato de traballo cunha contía equivalente á necesaria para sufragar durante o período de contratación, ata un máximo de 12 mensualidades, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade empregadora.

O orzamento inicial para o ano 2022 foi de 1.424.016 euros.

Datos 2022			
Provincia	Nº de concellos beneficiarios	Nº de mulleres que se van contratar	Importe económico (€)
A Coruña	8	19	442.605,00
Lugo	3	6	140.133,00
Ourense	12	16	329.109,96
Pontevedra	11	25	512.168,04
Total	34	66	1.424.016





A Resolución do 5 de abril de 2022 fixo público o esgotamento do crédito previsto na resolución do 23 de decembro de 2021.

Actualmente estase a tramitar unha segunda convocatoria por un importe de 980.119,28 euros regulada na Resolución do 12 de agosto de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se realiza a segunda convocatoria do ano 2022 das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (código de procedemento SI461A)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:32
Nº Rexistro: 41420
Data envío: 20/09/2022 10:55:32.735

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:55:28

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **34218** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de abordar a problemática da sinistralidade laboral na mesa de diálogo social"** (publicada no BOPG número 316 do 5 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego acordou as sucesivas estratexias en materia de seguridade e saúde no traballo no seo do diálogo social en Galicia creando grupos de traballo para o deseño das estratexias e co asesoramento e participación das organizacións sindicais e empresariais que teñen presenza no Consello de Seguridade e Saúde Laboral. Polo tanto, todas as estratexias postas en marcha acadaron o consenso das organizacións representadas nas mesas do diálogo social do Goberno galego.

Neste momento, Galicia, xunto con Cantabria, representa ao resto das Comunidades Autónomas na negociación da futura estratexia española cos axentes sociais a nivel nacional e no que teñen presenza outros organismos con competencias na materia de seguridade e saúde no traballo. Así, cando se acorde a estratexia nacional, que estará informada polo recente marco estratéxico europeo, estableceranse os contactos cos axentes sociais galegos para a redacción da nova estratexia galega, que enmarque as necesidades concretas e os obxectivos a alcanzar en Galicia.

Paralelamente a este deseño e execución compartida coas organizacións sindicais e empresariais galegas nas estratexias, estase a aprobar cada ano o plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no que se detallan as actividades e programas a desenvolver cada ano, contando co consenso unánime de todas as organizacións con presenza activa e cualificada no Consello Reitor do Instituto.



Así mesmo, cabe destacar como actuación concreta e participada que desde 2020 configúrase un grupo de traballo para a análise da sinistralidade laboral en Galicia na procura, desde unha visión técnico-científica, de obter información relevante para poder actuar sobre os riscos e as actividades de maior sinistralidade e propor liñas de traballo concretas. Neste grupo de traballo, ademais de autoridade laboral galega e o seu órgano técnico na materia, están representadas as organizacións sindicais e empresariais en Galicia.

Ademais, está ao dispor a liña de axudas para a promoción da prevención de riscos laborais que todos os anos se dirixe a entidades e axentes sociais e destacar o traballo de control e inspección que corresponde á ITSS.

O Goberno galego non só está a abordar a problemática da sinistralidade laboral e a mellora da xestión da prevención no marco do diálogo social, senón que está a desenvolver un traballo de continua colaboración co tecido empresarial galego e as entidades que o representen cara unha meta común que precisa da concorrencia de todos os axentes implicados no mundo do traballo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:23
Nº Rexistro: 41419
Data envío: 20/09/2022 10:55:23.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:55:19

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **34431** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración respecto dos casos de agresións de odio contra as persoas lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais”** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de maio a secretaria xeral da Igualdade contestou, na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 33939 sobre o incremento dos delitos de odio contra as persoas do colectivo LGTBI.

A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.



Polo tanto, a inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego e coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, a través, de entre outros instrumentos, do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro).

Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmM1M2Q5NTYtZWU5My00ZjUxLWFLYzQtZDg1MTE5MTRkMTI5&start=5501>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:15
Nº Rexistro: 41418
Data envío: 20/09/2022 10:55:15.516

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:55:12

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **34448**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical"** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) , teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno na sesión celebrada o 25 de maio do 2022 na resposta á POP con número de rexistro 34446, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/>

[LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ)

Na devandita sesión, o Goberno condenou todo tipo de agresións, entre elas a realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 13:06:25
Nº Rexistro: 41666
Data envío: 22/09/2022 13:06:25.194

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 13:06:12

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **34570**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da incorporación das melloras que suxire o Consello Económico e Social de Galicia ao I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024 "** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 2 de xuño de 2022 a secretaria xeral da Igualdade contestou, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento galego, a pregunta oral do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia número de rexistro 34568 sobre as previsións do Goberno galego respecto da incorporación das melloras que suxire o Consello Económico e Social de Galicia ao I Plan galego contra a trata e a explotación sexual 2022-2024.

Galicia xa reconece ás mulleres e nenas afectadas por trata con fins de explotación sexual como vítimas da violencia de xénero, o que lles permite acceder, entre outros recursos, a axudas económicas mensuais e a servizos de apoio xurídico, psicolóxico, social e para a súa inserción laboral.

Ademais, a Xunta está a avanzar na elaboración do I Plan Galego contra a Trata e a Explotación sexual, que referendará este apoio con medidas para a atención, acompañamento e asesoramento integral e co reforzo da rede de acollida para mulleres que denuncien a coacción e violencia das que son obxecto.





Na seguinte ligazón pódese consultar a resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTZjNWEzYTEtNjRiOS00MDg2LWFjNjltODUyMTgwMzNiMDU0&start=409](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTZjNWEzYTEtNjRiOS00MDg2LWFjNjltODUyMTgwMzNiMDU0&start=409)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:08
Nº Rexistro: 41417
Data envío: 20/09/2022 10:55:08.985

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:55:05

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34784**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2022"**, (publicada no BOPG número 321 do 20 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A análise dos datos do ano 2022 en Galicia amosan un panorama xeral de crecemento económico no marco dun mercado laboral no que todos os indicadores rexistran unha evolución positiva.

De feito, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 1º e 2º trimestre de 2022 presentan o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

Segundo os últimos datos dispoñibles (EPA 2º trimestre de 2022), o número de parados diminuíu en 13.000 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 139.400, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008. Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 11,2, o que supón baixar máis dun punto con respecto ao 12,4 do segundo trimestre de 2021. Hai 14 anos que non se rexistraba nun segundo trimestre unha taxa tan baixa.

O número de ocupados situouse en 1.105.200 traballadores, con 28.500 empregados máis que hai un ano, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 47,2, e a de actividade tamén aumenta situándose nun 53,2 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 15.600).



En Galicia, a baixada do paro interanual débese exclusivamente á creación de emprego, feito constatado polo aumento efectivo que se rexistrou na ocupación. Polo tanto, a causa do descenso do paro foi resultado do aumento do emprego, e non se produciu como consecuencia dunha caída da poboación activa, que é o outro factor que explica os descensos do paro. Galicia conseguiu incrementar o seu número de activos en 15.600 novas persoas que se atopan en disposición de acceder ao mercado laboral.

Este incremento da actividade implica un dobre resultado positivo. Por unha banda supón un crecemento da poboación que quere incorporarse ao mercado laboral e, por outra, este tivo unha resposta positiva, sendo capaz de absorber esta demanda de actividade, dado que se incrementou á ocupación en 28.500 persoas e o paro descendeu (-13.000).

Con respecto a 2019, a comparativa, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, está notablemente influída pola crise derivada da situación sanitaria que supuxo unha ralentización da economía global. A pesar diso, a resiliencia do mercado laboral galego trala covid-19 é un feito evidente: os 32.600 ocupados que perdeu Galicia no período de incidencia da pandemia, xa se recuperaron e mesmo se superaron. De feito, actualmente temos 54.800 ocupados máis que no trimestre que marcou a maior incidencia da crise sanitaria (2º trimestre de 2020).

Este crecemento do emprego que avala a EPA, reafírmase cos datos de afiliación da Tesoureira Xeral da Seguridade Social. Galicia conta con 1.058.193 afiliacións en xullo de 2022, sendo a cifra de altas de afiliación a máis alta desde o ano 2008.

Esta senda de recuperación do emprego vén acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Incluso se comparamos a situación actual coa que atopábamnos en 2019, observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa.





Os indefinidos no segundo trimestre de 2022 en Galicia aumentaron con respecto ao mesmo período de 2019 en 76.100 novos asalariados, o que representou un aumento do 11,85%, este incremento foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado que foi do 8,61%. O crecemento do emprego indefinido entre as mulleres, tamén foi superior en Galicia (9,81%) que na media do Estado (8,56%).

Esta mellor evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 79,9% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 77,7%. Ademais, esta porcentaxe incrementouse con respecto á rexistrada en 2019 en 6,6 puntos, tamén por riba do que sucedeu no Estado, 3,9 puntos.

Este incremento tamén se reflectiu entre as mulleres, de feito actualmente (2º trimestre de 2022), as mulleres galegas con contrato indefinido representan o 77,2% do total de asalariadas, mentres que no Estado representan o 75,2%. Medrando a porcentaxe de galegas indefinidas en 4,8 puntos con respecto a 2019, mentres que no conxunto do Estado sobe a súa representatividade con respecto a 2019 en 2,8 puntos.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

En Galicia, segundo a última EPA, contamos coa mesma porcentaxe de ocupados a xornada completa que no conxunto do Estado, un 86%. A evolución con respecto a 2019 tamén foi positiva e aumentaron os ocupados a xornada completa.

Dentro do emprego autónomo, destaca o avance do emprendemento en Galicia nesta última EPA (2º trimestre de 2022), non só con respecto a 2020 senón tamén con respecto a 2019. As persoas traballadoras por conta propia que empregan asalariadas creceron en Galicia con respecto ao 2º trimestre de 2019 en 1.900, un 2,9% e con respecto ao 2º trimestre de 2020





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

en 7.500, un 12,32%. Este feito apuntala a mellora da calidade do emprego, dado que as novas persoas ocupadas empregan a súa vez a novos traballadores e contribúen notablemente ao dinamismo do tecido produtivo.

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, segundo OS datos da última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto 2019. O número de fogares con todos os activos ocupados aumentan en 19.500, situando a cifra destes fogares en 636.600. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 56,75% neste trimestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:54:35
Nº Rexistro: 41413
Data envío: 20/09/2022 10:54:35.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:54:32

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 34808**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os efectos das medidas implementadas nos últimos anos no mercado laboral"**, (publicada no BOPG número 321 do 20 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A análise dos datos do ano 2022 en Galicia amosan un panorama xeral de crecemento económico no marco dun mercado laboral no que todos os indicadores rexistran unha evolución positiva.

De feito, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 1º e 2º trimestre de 2022 presentan o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

Segundo os últimos datos dispoñibles (EPA 2º trimestre de 2022), o número de parados diminuíu en 13.000 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 139.400, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008. Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 11,2, o que supón baixar máis dun punto con respecto ao 12,4 do segundo trimestre de 2021. Hai 14 anos que non se rexistraba nun segundo trimestre unha taxa tan baixa.

O número de ocupados situouse en 1.105.200 traballadores, con 28.500 empregados máis que hai un ano, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 47,2, e a de actividade tamén aumenta situándose nun 53,2 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 15.600).





En Galicia, a baixada do paro interanual débese exclusivamente á creación de emprego, feito constatado polo aumento efectivo que se rexistrou na ocupación. Polo tanto, a causa do descenso do paro foi resultado do aumento do emprego, e non se produciu como consecuencia dunha caída da poboación activa, que é o outro factor que explica os descensos do paro. Galicia conseguiu incrementar o seu número de activos en 15.600 novas persoas que se atopan en disposición de acceder ao mercado laboral.

Este incremento da actividade implica un dobre resultado positivo. Por unha banda supón un crecemento da poboación que quere incorporarse ao mercado laboral e, por outra, este tivo unha resposta positiva, sendo capaz de absorber esta demanda de actividade, dado que se incrementou á ocupación en 28.500 persoas e o paro descendeu (-13.000).

Con respecto a 2019, a comparativa, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, está notablemente influída pola crise derivada da situación sanitaria que supuxo unha ralentización da economía global. A pesar diso, a resiliencia do mercado laboral galego trala covid-19 é un feito evidente: os 32.600 ocupados que perdeu Galicia no período de incidencia da pandemia, xa se recuperaron e mesmo se superaron. De feito, actualmente temos 54.800 ocupados máis que no trimestre que marcou a maior incidencia da crise sanitaria (2º trimestre de 2020).

Este crecemento do emprego que avala a EPA, reafírmase cos datos de afiliación da Tesoureira Xeral da Seguridade Social. Galicia conta con 1.058.193 afiliacións en xullo de 2022, sendo a cifra de altas de afiliación a máis alta desde o ano 2008.

Esta senda de recuperación do emprego vén acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Incluso se comparamos a situación actual coa que atopábamnos en 2019, observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa.



Os indefinidos no segundo trimestre de 2022 en Galicia aumentaron con respecto ao mesmo período de 2019 en 76.100 novos asalariados, o que representou un aumento do 11,85%, este incremento foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado que foi do 8,61%. O crecemento do emprego indefinido entre as mulleres, tamén foi superior en Galicia (9,81%) que na media do Estado (8,56%).

Esta mellor evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 79,9% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 77,7%. Ademais, esta porcentaxe incrementouse con respecto á rexistrada en 2019 en 6,6 puntos, tamén por riba do que sucedeu no Estado, 3,9 puntos.

Este incremento tamén se reflectiu entre as mulleres, de feito actualmente (2º trimestre de 2022), as mulleres galegas con contrato indefinido representan o 77,2% do total de asalariadas, mentres que no Estado representan o 75,2%. Medrando a porcentaxe de galegas indefinidas en 4,8 puntos con respecto a 2019, mentres que no conxunto do Estado sobe a súa representatividade con respecto a 2019 en 2,8 puntos.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

En Galicia, segundo a última EPA, contamos coa mesma porcentaxe de ocupados a xornada completa que no conxunto do Estado, un 86%. A evolución con respecto a 2019 tamén foi positiva e aumentaron os ocupados a xornada completa.

Dentro do emprego autónomo, destaca o avance do emprendemento en Galicia nesta última EPA (2º trimestre de 2022), non só con respecto a 2020 senón tamén con respecto a 2019. As persoas traballadoras por conta propia que empregan asalariadas creceron en Galicia con respecto ao 2º trimestre de 2019 en 1.900, un 2,9% e con respecto ao 2º trimestre de 2020





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

en 7.500, un 12,32%. Este feito apuntala a mellora da calidade do emprego, dado que as novas persoas ocupadas empregan a súa vez a novos traballadores e contribúen notablemente ao dinamismo do tecido produtivo.

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, segundo OS datos da última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto 2019. O número de fogares con todos os activos ocupados aumentan en 19.500, situando a cifra destes fogares en 636.600. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 56,75% neste trimestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:49:45
Nº Rexistro: 41393
Data envío: 20/09/2022 10:49:45.395

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:49:42

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 35001** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado dos traballos de recheo nunha parcela no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo"**, (publicada no BOPG número 324 do 27 de maio de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) tramitou un expediente de reposición da legalidade urbanística. Na resolución deste expediente, datada o 19 de abril de 2022, acordouse que as obras non son legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico. Ademais ordenase a reposición dos terreos ao seu estado inicial e establécese que, en caso de incumprimento, procederase á súa execución subsidiaria ou forzosa, mediante imposición de multas coercitivas.

Cómpre precisar que nestes intres a orde de reposición dos terreos non é firme, dado que a sociedade responsable interpuxo, dentro do prazo establecido, un recurso de reposición contra a resolución da APLU".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:49:30
Nº Rexistro: 41391
Data envío: 20/09/2022 10:49:30.599

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:49:27

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **35456**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incumprimento por parte da Consellería de Igualdade do compromiso de reunir no primeiro trimestre do 2022 o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e as medidas que están a tomar dende a Xunta de Galicia ante o goteo incesante de agresións LGTBifóbicas na nosa comunidade”** (publicada no BOPG número 329 do 9 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino, ademais, a través de todos os seus departamentos pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Así, estase a traballar, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, na promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI. Este órgano está dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento e está integrado por todos os departamentos da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UGT, CCOO, CDIF e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), así como pola seguintes asociacións:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña



- Les Coruña
- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Ademais, desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios coas entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.

Así mesmo destácase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:49:16
Nº Rexistro: 41390
Data envío: 20/09/2022 10:49:16.708

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:49:14

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 35563**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do estaleiro vigués Barreras"**, (publicada no BOPG número 329 do 9 de xuño de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana Somoza, deu resposta no pleno do 25 de maio de 2022 á pregunta urxente número de rexistro 34976 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre as iniciativas para evitar a perda dun cento de postos de traballo no antigo estaleiro de Barreras.

Remitimos o enlace da intervención:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmZmNGFLOWMtODlwZi00NTc0LTlhMWMtMjNjOGI5NDZlYTU1&start=11392> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:44:25
Nº Rexistro: 41371
Data envío: 20/09/2022 10:44:25.743

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:44:23

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **35763**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade"** (publicada no BOPG número 333 do 16 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno Galego manifesta a súa total desconformidade coa afirmación vertida polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na parte expositiva das preguntas número de rexistro 35763, 35761 e 35760, considerando que se trata de unha grave acusación, dicir que "unha vez resolta esta convocatoria, e a partir dunha análise pormenorizada realizada polo Grupo Socialista, advertimos certas cuestións que non parecen responder aos obxectivos marcados e que tampouco cumpren coa legalidade vixente establecida polas leis galegas 7/2004 para a igualdade de mulleres e homes e a 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, recollidas no Decreto legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade".

A antedita aseveración atenta contra a integridade, formación, experiencia, obxectividade e honestidade das e dos profesionais que forman parte da Comisión de Valoración da convocatoria subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade para o ano 2022.





O pasado 22 de abril a Xunta publicou a resolución destas axudas que contaron este exercicio cun orzamento de preto 1,4 millóns de euros para apoiar a 59 entidades.

Os proxectos que a Xunta financia a través desta iniciativa están enfocados a atender ás mulleres en situación social, persoal ou económica de risco. Teñen esta consideración mulleres vítimas de violencia de xénero; de explotación sexual-laboral; inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas; pertencentes a unha minoría étnica; reclusas ou ex-reclusas; mulleres embarazadas ou lactantes sen apoio familiar ou sen recursos; inactivas ou desempregadas de longa duración; con discapacidade, entre outros colectivos vulnerables.

En consecuencia, ao abeiro desta convocatoria, fináncianse programas que acollan recursos integrais específicos para mulleres de colectivos vulnerables e en situación de xestación ou lactancia con fillos ou fillas menores de tres anos dirixidos a promover o seu desenvolvemento vital e a súa autonomía económica e afectiva, co obxectivo de corrixir que unha situación desexable poida converterse nun factor de exclusión.

Outros dos eixos de interese para o Goberno galego e cubertos por estas axudas son aqueles relacionados cos coidados e o acompañamento. Trátanse de aquelas iniciativas de atencións personalizada e especializada para as mulleres dos colectivos mencionados que precisen atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación e adquisición de habilidades persoais e orientación laboral.

É de especial relevancia nestes impulsos, asemade, ter en conta a desigualdade social que sofre a muller respecto do home, polo que os proxectos deben ter en conta a concienciación na igualdade co obxecto de mellorar as expectativas persoais, sociais e laborais das mulleres de cara a súa integración, sendo outro dos afáns a mellora da súa empregabilidade, xa que este eido, o do traballo, é un dos puntais onde a loita contra a discriminación faise máis patente e, ao mesmo





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

tempo, unha das vías, a da independencia económica, que garante a emancipación feminina.

Este programa de axudas permitiu desde 2009 e ata 2021, grazas a un investimento de máis de 13,5 millóns de euros, o apoio ao ano de entre 3.500 e 4.000 mulleres de media”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:44:11
Nº Rexistro: 41369
Data envío: 20/09/2022 10:44:11.556

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:44:08

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **35996**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e demais aplicacións”** (publicada no BOPG número 335 do 23 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23133 e debatida na Comisión 4ª de data 05/07/2022; á que nos remitimos porque afonda nas liñas de traballo emprendidas pola Xunta de Galicia para garantir a presenza da lingua galega en todos os ámbitos.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:44:03
Nº Rexistro: 41368
Data envío: 20/09/2022 10:44:03.134

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:43:57

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **36055** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **"as inspeccións e as medidas de control que leva a cabo a Xunta de Galicia en relación coa seguridade e as condicións laborais dos eventos que patrocina baixo a fórmula do Xacobeo, así como as actuacións realizadas, en concreto, ante o accidente acontecido no festival O Son do Camiño"** (publicada no BOPG número 335 do 23 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), leva desenvolvendo diferentes actuacións nos últimos anos dirixidas á prevención dos riscos específicos asociados á actividade de montaxe e desmontaxe de escenarios para eventos, tal e como se recolle na campaña do seu plan de actuación do ano 2021 e no actual plan 2022: ficha "5.11. Montaxe e desmontaxe de eventos e coordinación de actividades". A campaña pretende, entre outros obxectivos:

- dar difusión ao criterio técnico establecido polas Comunidades Autónomas e o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo para a xestión de montaxes de espectáculos públicos,
- e promover a mellora da seguridade nesta actividade incidindo na coordinación de actividades empresariais (CAE).



Esta iniciativa lévase a cabo mediante a realización de revisións documentais sobre a organización da CAE, o asesoramento para o cumprimento das obrigas en prevención de riscos laborais e divulgando e poñendo a disposición das entidades implicadas a documentación técnica específica elaborada polo Issga para esta campaña que conta coa colaboración das asociacións do sector.

No momento no que se produciu o accidente na montaxe do escenario para o festival "O son do Camiño", activouse o protocolo de coordinación asinado coa Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física das persoas traballadoras. E neste sentido desprazáronse de inmediato ao lugar do accidente un técnico do Issga especialista en seguridade na montaxe de escenarios e persoal da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A administración competente en materia laboral ten aberto o correspondente expediente a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no que o técnico especialista do Issga está a prestar asistencia técnica.

Neste sentido, cómpre destacar que xa se elaborou un primeiro pre-informe técnico que se remitiu á Inspección de Traballo e á Fiscalía. Con independencia das actuacións da Fiscalía e do xulgado competente, de ser o caso, o técnico do Issga levará a cabo as actuacións que lle sexan requiridas ata a emisión dun informe final no que se reflectirán as posibles causas do accidente".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:43:53
Nº Rexistro: 41367
Data envío: 20/09/2022 10:43:53.337

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:43:50

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 36156**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as inspeccións levadas a cabo ou previstas pola conselleira de Emprego e Igualdade nas instalacións da empresa Surexport co fin de garantir a protección da saúde laboral dos traballadores"**, (publicada no BOPG número 339 do 30 de xuño de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Inspección de Traballo e Seguridade Social de Lugo informou á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de que a empresa Surexport está sendo obxecto de inspeccións das que polo momento non pode informar por razón de confidencialidade das actuacións inspectoras".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:43:45
Nº Rexistro: 41366
Data envío: 20/09/2022 10:43:45.759

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:43:43

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita : **36187**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego de non ter convocado o Observatorio Galego contra a Discriminación e as previsións para paliar o problema do incremento de agresións de odio contra persoas do colectivo LGTBI”** (publicada no BOPG número 339 do 30 de xuño de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino, ademais, a través de todos os seus departamentos pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Así, estase a traballar, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, na promoción da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI. Este órgano está dotado anualmente con 15.000 euros para o seu correcto funcionamento e está integrado por todos os departamentos da Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UGT, CCOO, CDIF e CIG, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), así como pola seguintes asociacións:

- CASCO (Comité Antisida A Coruña)
- Nós Mesmas
- Alas Coruña





- Les Coruña
- Avante LGTBI
- A Rede Educativa de Apoio LGTBI de Galicia
- Chrysallis Asociación de Familias de Menores Transexuais
- Asociación Pvlse Vigo Queer LGTBIQ+

Ademais, desde 2016 a Xunta colabora a través de convenios coas entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses das persoas do colectivo LGTBI. Grazas a estes apoios poden desenvolver campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios dos que dispoñen, formación específica para o persoal das administracións públicas así como elaborar materiais didácticos.

Así mesmo destácase que no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

O obxectivo da Xunta de Galicia non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:43:39
Nº Rexistro: 41365
Data envío: 20/09/2022 10:43:39.009

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:43:36

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 36760** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a mellora da accesibilidade e a seguridade na PO-313 e en todas as estradas autonómicas do concello de Moaña"**, (publicada no BOPG número 346 do 14 de xullo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo, dando así cumprimento ao seu compromiso de mellora tras a finalización da conversión en autovía do corredor, na que se investiron 55 millóns de euros.

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. Neste momento están rematadas as obras de varios treitos na PO-551 nos concellos de Marín e de Bueu, e en execución o treito entre Bagüín e Seixo tamén na PO-551 en Marín.

Respecto a Moaña, está adxudicada a execución da obra da senda mixta peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, na PO-551 en Domaio. O proxecto construtivo neste caso, implica un investimento de máis de 1,66 millóns de euros, substancialmente maior da previsión inicial. Este incremento débese á necesidade de ampliar a plataforma da estrada cunha estrutura en voladizo para poder situar a senda, debido ás condicións topográficas da estrada, e ao aumento de lonxitude que se realizou para conectala coa beirarrúa existente no lado de Meira. O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.



Estanse tamén a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe están rematadas a mellora da seguridade viaria na PO-551 en Bueu e Marín, e tamén a da mesma estrada en Domaio (Moaña), e traballándose na execución doutras actuacións tanto en Cangas como en Moaña, cun investimento conxunto de 3,3 millóns de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:39:31
Nº Rexistro: 41349
Data envío: 20/09/2022 10:39:31.747

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:39:28

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 36771**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Gonzalo Caballero Miguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego da evolución de afiliados ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) no primeiro semestre de 2022"**, (publicada no BOPG número 346 do 14 de xullo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"En xullo de 2022, as persoas traballadoras autónomas galegas (Réxime Especial de Traballadores Autónomos, RETA) representan o 19,67% do total de afiliacións, mentres que no Estado o emprego autónomo supón o 16,42%. En comparación co resto de Comunidades Autónomas, Galicia é a terceira comunidade con maior porcentaxe de persoas traballadoras autónomas. Así mesmo, tamén se posiciona como a terceira Comunidade con maior porcentaxe de autónomos empregadores de man de obra, dentro do total de ocupados, segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do segundo trimestre de 2022. Ademais, se incluímos dentro do traballo autónomo aos traballadores por conta propia do mar (RETA+ Réxime Especial de Traballadores do Mar por conta propia), Galicia é a Comunidade Autónoma con maior peso deste colectivo no total de afiliacións 20,49%, mentres que no conxunto do Estado a proporción é do 16,49%".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:39:00
Nº Rexistro: 41346
Data envío: 20/09/2022 10:39:00.966

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:38:48

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 26539** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a exclusión do xornal Nós Diario da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021"**, (publicada no BOPG número 255 do 12 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

"A concesión das axudas públicas a empresas xornalísticas está regulada na Resolución de 15 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, no marco do Decreto que ven regulando este tipo de axudas desde hai máis de 20 anos.

As devanditas bases establecen de xeito preciso e transparente o marco legal para a concesión das axudas procedentes de fondos públicos, no que non son aplicables as consideracións alleas a esta regulamentación que poida establecer unha empresa privada allea á Administración pública, como é o caso da Oficina de Xustificación da Difusión.

No caso da publicación á que se refire a pregunta, a empresa xornalística non cumpre coas bases reguladoras desta orde de axudas, bases que, por outra banda, no que se refire aos xornais diarios non ten variado desde o ano 1999.





De feito, dita empresa está a ser beneficiaria doutras ordes de axudas públicas aos medios de comunicación, tanto no seu soporte dixital como en papel, porque cumpre as bases reguladoras de ditas ordes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:56:28
Nº Rexistro: 41428
Data envío: 20/09/2022 10:56:28.453

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:56:25

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **27502**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría"** (publicada no BOPG número 260 do 20 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través de diversos departamentos entre os que se atopa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e co fin de paliar a situación de grave crise económica aos sectores máis afectados pola pandemia da covid-19, adoptou medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade, así como polos peches temporais dos seus establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria.

Entre esas medidas da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento do emprego e da actividade económica, atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021).





Ademais, no DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:59:02
Nº Rexistro: 41441
Data envío: 20/09/2022 10:59:02.544

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:58:58

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **27968**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura do Goberno galego respecto de referendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais"** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Constitución Española asígnalle ao Estado central a regulación legal das Relacións Laborais e a súa execución ás Comunidades Autónomas. Neste sentido, cómpre recordar que a reforma laboral, aínda que foi pactada cos axentes sociais, non foi obxecto de debate parlamentario nin tampouco contou en ningún momento coas Comunidades Autónomas, as encargadas do seu cumprimento.

A parte máis importante da reforma laboral, dedicada á contratación, foi obxecto de esixencia pola Unión Europea.

O Goberno galego quere certezas para que o novo marco regulador para o traballo sexa efectivo e garanta a creación de emprego, a estabilidade e a seguridade xurídica da nosa economía. Ese debe ser o único camiño".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:58:42
Nº Rexistro: 41438
Data envío: 20/09/2022 10:58:42.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:58:39

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 28576** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa en Lugo"**, (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi contestado polo Goberno na resposta escrita da iniciativa con número de rexistro 28574 presentada polo mesmo grupo parlamentario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:41
Nº Rexistro: 41460
Data envío: 20/09/2022 11:02:41.854

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:38

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **28921**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a implementación de cita previa no rexistro civil de Vigo"** (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia na súa competencia de administración instrumental para os medios do Poder xudicial, puxo a disposición das autoridades xudiciais o instrumento para facer posible a cita previa por internet.

Como a atención da cita previa debe ser xestionada polas autoridades e funcionarios xudiciais, o proceso de posta en marcha deste servizo de cita previa realizouse de xeito coordinado co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e cando as autoridades xudiciais entendían que era posible pois estaban en condicións de asumir a súa xestión.

Deste xeito, a canle para a cita previa atópase habilitada no Rexistro Civil de Vigo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:57:16
Nº Rexistro: 41665
Data envío: 22/09/2022 11:57:16.638

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 11:57:13

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **29151**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate para garantir a supervivencia do sector da hostalaría”** (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través de diversos departamentos entre os que se atopa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e co fin de paliar a situación de grave crise económica aos sectores máis afectados pola pandemia da covid-19, adoptou medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade, así como polos peches temporais dos seus establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria.

Entre esas medidas da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento do emprego e da actividade económica, atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021).





Ademais, no DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:01:44
Nº Rexistro: 41452
Data envío: 20/09/2022 11:01:44.121

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:01:41

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **29154**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"se considera o Goberno galego que debe reunirse co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19"** (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A covid-19 non só tivo efectos sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais. Consciente desta situación, a Xunta estivo e está ao carón dos sectores económicos máis afectados pola pandemia tal e como demostra a posta a disposición de medidas, a través de diferentes departamentos, e dos catro Plans de Rescate impulsados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que atenderon de xeito especial a determinados profesionais e negocios, entre os cales se atopa o sector das atraccións de feira.

Por iso, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade levou a cabo diversos contactos con representantes do sector das atraccións de feira, dando como resultado a posta en marcha de axudas específicas para as actividades que no ano 2020 e 2021 estiveron practicamente paralizadas, entre as que se atopan as atraccións de feira.





Así, a Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa extraordinario das persoas traballadoras autónomas e microempresas con actividades especialmente paralizadas pola crise da covid-19, e á que se destinaron 3.083.000€, incluía como beneficiaras aquelas persoas "que desenvolvan a súa actividade sen teren establecemento permanente aberto ao público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:01:37
Nº Rexistro: 41451
Data envío: 20/09/2022 11:01:37.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:01:33

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 29186** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións para dotar o punto de atención continuada de Ordes da segunda praza de enfermaría"**, (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 17 de febreiro do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 29183 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmZmNmJjMTMtOTM0MS00OGMwLWlyZDI0ZjQwOTY5MTlkYjQ4&start=2053>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:01:22
Nº Rexistro: 41449
Data envío: 20/09/2022 11:01:22.824

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:01:19

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 29261** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto das condicións laborais do seu persoal"**, (publicada no BOPG número 270 do 3 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no seo da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego na sesión celebrada o 15 de xullo do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 29258 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODhhODgxZWUtOTRhZS00MmE0LWExNDQtMGVhMTcwZjdjODIz&start=6146> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:08:55
Nº Rexistro: 41503
Data envío: 20/09/2022 11:08:55.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:08:52

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **29282**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento de persoal na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”** (publicada no BOPG número 275 do 10 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Facendo fincapé en que en materia de provisión de medios na Administración de Xustiza existe unha pluralidade de órganos competentes, atinxe ao Poder Xudicial a autorización de plans de apoio e a adscrición de xuíces para reforzar os órganos que máis o precisan; o Ministerio de Xustiza é o competente na retribucións dos ditos membros da carreira xudicial e do Corpo de Letrados da Administración de Xustiza, respecto aos cales ademais ten a competencia plena, e tamén é competencia exclusiva do Goberno do Estado a creación de novas unidades xudiciais. O ámbito competencial que corresponde ás Comunidades Autónomas que asumiron traspasos en materia de xustiza é a xestión dos medios instrumentais (materiais e persoal auxiliar aos servizo dos xulgados e tribunais).

En relación co persoal auxiliar, a Xunta de Galicia vén establecendo medidas de apoio (prolongacións de xornada e/ou reforzos) cando existe un plan de actuación con expresión de obxectivos concretos.





No caso da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desde o pasado ano conta coa autorización pola Xunta de Galicia de 4 prolongacións de xornada retribuídas de persoal de tramitación e de auxilio xudicial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:29:12
Nº Rexistro: 41632
Data envío: 22/09/2022 10:29:12.408

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 10:29:08

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30212**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da realización dun estudo sobre a situación do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais”** (publicada no BOPG número 277 do 16 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a impulsar desde hai anos medidas e políticas para acadar a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos, tamén no tecido empresarial e produtivo, buscando a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras, a promoción profesional e a mellora de salarios de mulleres e homes, sen atender a ningún tipo de distinción.

Por iso, Galicia conta desde o ano 2014 cunha lei específica e propia de igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI (Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI en Galicia) convertendo a Galicia na primeira comunidade cunha lexislación propia e desde 2018 co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

De feito, o pasado 29 de xuño de 2022 reuniuse de novo o pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, onde se aprobou unha declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI e se informou sobre o estudo específico que a Xunta de Galicia está a elaborar sobre a situación laboral do colectivo para coñecer a súa realidade concreta e as discriminacións poidan sufrir no eido laboral.



O obxectivo non é outro que analizar as raíces para poder valorar a posta en marcha de medidas desde as diferentes administracións, en colaboración co tecido empresarial, á fin de favorecer a igualdade de oportunidades laborais.

Tamén no ámbito laboral, a Dirección Xeral de Relacións Laborais ofrece permanentemente e de forma aberta o diálogo social para manter un contacto fluído e abordar calquera asunto ou tema que aos axentes lles resulte de interese.

E neste sentido hai que destacar a “Guía para a prevención e o tratamento do acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas pemes”, publicada o mes de setembro de 2021, que está a disposición de todas as empresas e da cidadanía en xeral.

No ámbito da formación e da prevención laboral tamén traballa o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). A diversidade é sinónimo de heteroxeneidade e, partindo da base de que as nosas empresas son diversas porque están formadas por persoas traballadoras diferentes, o seu obxectivo é integrar a diversidade na xestión preventiva e empresarial para garantir a igualdade e a non discriminación e para lograr un impacto empresarial, económico e social.

Así, o ISSGA traballa para que a prevención laboral inclúa todo tipo de diversidade, tamén a sexual, á fin de evitar calquera tipo de discriminación contra persoas traballadoras. E imparte formación en igualdade laboral, prestando atención aos colectivos especialmente vulnerables e con maior risco de sufrir algún tipo de discriminación no ámbito laboral, como é o caso do colectivo LGTBI”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:50:29
Nº Rexistro: 41399
Data envío: 20/09/2022 10:50:29.379

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:50:26

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30416**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do emprego na agricultura no primeiro semestre de 2021”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta un informe anual “Panorama rural-urbano” (último dato do ano 2021) onde establece tres zonas xeográficas de estudo segundo o grao de urbanización: a ZDP (Zona Densamente Poboada), a ZIP (Zona Intermedia) e a ZPP (Zona Pouco Poboada), sendo esta última a que se asimila á zona rural.

E seguindo co devandito informe, a afiliación na zona rural no ano 2021 ascendía a 254.160 persoas, producíndose un aumento con respecto a 2020 de 7.810 traballadores (3,17%) e acadando a cifra máis alta desde 2010 (ano no que había 257.695).

Polo que respecta a afiliación das mulleres na zona pouco poboada suman un total de 118.338, o maior número desde 2008 (2008: 118.771), o 46,56% dos cotizantes totais desta zona. E a afiliación feminina viña encadeando seis anos consecutivos de aumento (2014-2019), pero no ano 2020 produciuse un descenso da afiliación motivado pola pandemia da covid-19, aínda que en 2021 se recupera a tendencia positiva e esta zona gaña 4.304 mulleres afiliadas.





Por outra banda, segundo os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), correspondentes ao 2º trimestre de 2022, en Galicia o sector primario reflicte unha subida da ocupación trimestral de 2.500 persoas (un 4,04% máis), quedando a cifra de ocupados en 64.400 persoas; mentres que no conxunto do Estado as persoas ocupadas no sector primario diminúen un 4,64%. Cabe destacar que o peso da ocupación no sector primario en Galicia (5,83%) resulta superior ao peso reflectido no conxunto estatal (3,86%) arredor de dous puntos, resultando ser a sexta Comunidade Autónoma con maior representatividade do sector primario.

En relación á ocupación feminina neste sector, segundo datos da EPA do 2º trimestre de 2022, Galicia conta con 21.800 mulleres empregadas no sector primario, unha porcentaxe do 33,85%, superando á media estatal (22,25%) en 11,6 puntos e sendo a segunda Comunidade Autónoma con maior peso feminino no sector primario, soamente superada por Asturias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:08:00
Nº Rexistro: 41496
Data envío: 20/09/2022 11:08:00.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:07:56

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30505**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións realizadas polo Goberno Galego para atender as propostas contidas no plan global de reforzo dos Xulgados con competencias en materia de violencia sobre a muller"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

No que atinxe á planta xudicial galega en materia de violencia de xénero, o Consello Xeral do Poder Xudicial é o órgano que determinou a atribución da especialización en materia de violencia de xénero a un xulgado de instrución de cada partido xudicial, ou ben a creación dun xulgado de xeito "exclusivo" de violencia sobre a muller (como foi o caso da Coruña e de Vigo) á vista das cargas de traballo e logo do informe do Tribunal Superior de Xustiza.

Tamén, e de consideralo oportuno, o Poder Xudicial ten a posibilidade de redistribuír o traballo dos xulgados de instrución, ou xulgados de primeira instancia e instrución, para establecer compensacións no reparto de asuntos en atención as funcións especializadas atribuídas aos órganos especializados.

Así, a competencia para dotar medidas de apoio nos xulgados violencia de xénero corresponde: por unha banda, ao Poder Xudicial respecto da adopción, no seu caso, de medidas respecto dos xuíces; e respecto do persoal auxiliar, a Xunta de Galicia vén establecendo medidas de apoio (prolongacións de xornada e/ou reforzos) cando existe un plan de actuación con expresión de obxectivos concretos.



En relación cos xulgados de instrución das cidades especializados en violencia de xénero, cómpre indicar que tanto os xulgados exclusivos da Coruña e Vigo, así como os xulgados "compatibles" das principais cidades, entre outros, contan con prolongacións de xornada retribuídas dos funcionarios, ou ben reforzos (ou, de ser o caso, adscricións de persoal de apoio dos decanatos).

Do mesmo xeito, tamén cómpre indicar que, mediante o acordo acadado coas organizacións sindicais no ano 2018, todos os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza competencia da Xunta de Galicia destinados nos xulgados de violencia de xénero exclusivos da Coruña e Vigo, perciben un complemento salarial de 100 € mensuais, e os dos xulgados das restantes 5 grandes cidades a cantidade é de 75 €/mes".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:29:05
Nº Rexistro: 41631
Data envío: 22/09/2022 10:29:05.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 10:29:02

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30601**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da diminución das mulleres ocupadas por mor da pandemia"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 2º trimestre do ano 2022 sinala que o número de mulleres galegas en situación de desemprego diminúe no último ano, concretamente en 8.900 paradas menos (-11,04%). Así, a cifra de mulleres paradas en Galicia ascende a 71.700, o 51,43% do total de parados que recolle a EPA. E se comparamos este dato con España, vemos que a nosa Comunidade conta cunha proporción menor de mulleres en situación de desemprego, Galicia é do 51,43% mentres que no Estado ascende ao 53,58%.

Isto quere dicir que a taxa de mulleres paradas se sitúa nun 11,91, mellorando a taxa nacional en 2,24 puntos onde acada os 14,15 puntos.

Por outra banda, o número de mulleres traballadoras en Galicia sobe no último ano en 18.700 (+3,65%). Así, a cifra de mulleres ocupadas (530.400) representa o 47,99% do total de ocupados segundo a EPA en Galicia. E se comparamos este dato con España, vemos que Galicia conta cunha proporción maior de mulleres ocupadas que a media estatal (Galicia: 47,99%; España: 46,37%).



Con respecto á situación antes da pandemia (2º trimestre de 2019) o certo é que se creou emprego feminino. As mulleres ocupadas medraron en 5.600, un 1,07%, unha subida superior á rexistrada entre os homes. Ademais, as mulleres asalariadas tamén incrementaron o seu volume con respecto a antes da pandemia, sendo o ritmo de creación de emprego do 2,96%, ademais a ocupación medrou con maior intensidade que entre os homes, que creceu a un ritmo do 2,37%.

En maio de 2020 (primeiro dato dispoñible), contabilizáronse 70.977 mulleres protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) e en xullo de 2022 esta cifra redúcese ata as 522 mulleres incluídas nun ERTE. Polo tanto, facendo un balance destes últimos 26 meses obsérvase unha evolución positiva; así, nos meses que está a durar a pandemia, saíron dun ERTE un total de 70.455 mulleres, o que supón o 99,26%. O descenso do colectivo masculino foi inferior, en concreto abandonaron esta situación 63.664 homes (98,47%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:50:06
Nº Rexistro: 41396
Data envío: 20/09/2022 10:50:06.364

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:50:02

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30774**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a diagnose do Goberno galego respecto da fenda salarial entre mulleres e homes"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A igualdade real e efectiva consagrada no artigo 14 da Constitución Española é un principio reitor da acción do Goberno galego e o establecido no artigo 35, relativo ao deber e ao dereito ao traballo sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo, é un compromiso firme da Xunta de Galicia.

Neste sentido, destacan numerosas iniciativas postas en marcha nos últimos tempos a prol da igualdade laboral entre mulleres e homes, sendo a máis significativa a ligazón nunha mesma Consellería dos ámbitos de emprego e igualdade. Estas medidas dan conta de que o Goberno galego non é alleo a problemas sociais e estruturais como a fenda salarial, unha situación que se produce en todas as comunidades autónomas, no conxunto do Estado e mesmamente na Unión Europea.

Por outra banda, cabe sinalar que as competencias para regular sobre a igualdade retributiva (lexislación laboral) recaen no Estado español, tal e como establece o artigo 149.1.7ª. Non obstante, e no ámbito das súas competencias, a redución desta fenda salarial é unha preocupación perentoria do Goberno galego.



Proba diso é o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no que xa se prevé a integración transversal da igualdade no campo laboral, debendo levar a cabo políticas que incidan na redución da fenda salarial.

Ademais, as actuacións do Goberno galego para reducir a fenda salarial céntranse no desenvolvemento das medidas legais establecidas na normativa estatal consistentes principalmente no impulso dos plans de igualdade nas empresas. Para iso dispónse, entre outras, das seguintes medidas:

1. Orde anual de Axudas de plans de igualdade, teletraballo, e flexibilización e conciliación. Unha delas é a do teletraballo, recentemente obxecto de regulación lexislativa e que supón o incremento da capacidade das mulleres para o acceso a postos de traballo de calidade que lle permitan a necesaria flexibilización. Así mesmo a concesión de incentivos para a flexibilidade horaria van colaborar na mellora da poboación feminina en idade de traballar e con cargas familiares.
2. Regulación da formación voluntaria e mínima en materia de igualdade laboral dos cadros sindicais e a representación das empresas na negociación dos plans de igualdade a través do diálogo social e a súa regulamentación posterior. No 2021 en total foron 800 persoas formadas en rexistro retributivo como ferramenta que identifica as fendas e 1.600 en plans de igualdade.
3. Desenvolvemento regulamentario da certificación galega en materia de igualdade, promoción pública da mesma co obxectivo de que as empresas desenvolvan cotas máis altas nesta materia, o cal vai favorecer a redución da fenda salarial, e indirectamente fomentar a corresponsabilidade e a conciliación familiar e laboral.

Pero ademais, o Goberno galego está a traballar na nova lei de igualdade, unha normativa que nace co obxectivo de seguir situando a Galicia á vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nun mesmo texto as actuacións e medidas para loitar contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, así como referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.





A normativa introducirá ademais a idea do benestar laboral nas empresas, vinculada coas políticas de conciliación, relevo por maternidade, prevención de riscos laborais, teletraballo e responsabilidade social empresarial. Pero tamén busca regular medidas especiais para introducir a perspectiva de xénero no teletraballo e a promoción das boas prácticas do tecido produtivo galego, como o dereito á desconexión, o acceso prioritario a esta modalidade de traballo a vítimas da violencia de xénero ou a realización de actividades de formación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:07:20
Nº Rexistro: 41493
Data envío: 20/09/2022 11:07:20.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:07:10

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **30741**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“unha xustiza máis áxil que garanta o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de gardas regulamentariamente previsto para partidos xudiciais con oito e con nove xulgados de instrución é o sistema de garda semanal con dous xulgados, o cal está a funcionar actualmente na Coruña e en Vigo dunha maneira correcta.

A potestade de converter este réxime xeral de gardas dos partidos de 8-9 xulgados cunha elevada carga de asuntos nun sistema de 24 horas correspóndelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX).

En España, tan só dúas cidades con oito xulgados (Las Palmas de Gran Canaria e Córdoba) teñen implantado o sistema de garda de 24 horas, o cal está previsto polo Regulamento do Consello Xeral do Poder Xudicial 1/2005, dun xeito automático, para partidos de 10-12 xulgados de instrución onde, por rotación, cada día debe estar un xulgado de garda e descansa ao día seguinte.

Ao non ser obxecto de publicación todas aquelas actuacións que os xulgados de instrución realizan en funcións de garda (tales como o número diario de detidos, denuncias presentadas directamente ou requisitorias atendidas ante o xulgado en funcións de garda, entradas e rexistros domiciliarios, etc.), a Xunta de Galicia solicitoulle ao CXPX unha análise comparativa das devanditas actuacións que en funcións de garda se realizan nas outras cidades nas que o CXPX estendeu o réxime de



garda de 24 horas, que polo seu volume xustifiquen o cambio do sistema ordinario de garda, sen que o CXPX verificase o exame comparativo solicitado que podería xustificar a conversión do sistema de gardas na Coruña e en Vigo.

Polo que a constatación obxectiva de volume de actividade ao que aterse é o ingreso de asuntos, e consonte á cal, en principio, se atoparía moi lonxe do que establece o acordo entre o Ministerio de Xustiza e o CXPX para medir a carga de traballo nos xulgados de instrución; polo que, existindo unha lóxica correspondencia entre o devandito parámetro e o volume de asuntos que se atende no servizo de garda e o tempo diario empregado na súa atención, non se colixe a necesidade actual de que os xulgados de garda deban prolongar a súa actividade en horario nocturno”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:57:09
Nº Rexistro: 41664
Data envío: 22/09/2022 11:57:09.763

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 11:57:05

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 30992** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no concello de Marín ata Pardavila"**, (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica PO-313 conecta as vilas de Marín e Moaña cruzando os montes do Morrazo. O seu estado de conservación, dende o punto de vista da circulación de vehículos, é bo. Dispón dunha correcta sinalización vertical, así como sistemas de contención para protección de motocicletas. A Intensidade Media Diaria (IMD) no tramo mais próximo ao do treito presuntamente máis perigoso é de 5.077 vehículos/día. Respecto da sinistralidade, indicar que dos datos dos anos 2016-2020, obtidos da Dirección Xeral de Tráfico, e de acordo coa metodoloxía aplicada non se identificou ningún treito de concentración de accidentes ao longo da estrada PO-313.

Por outra banda, salientar que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo. Así, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. A data de hoxe pódese indicar que están rematadas as obras dos treitos Vilaseca-Lapamán da PO-551, Coirados-Pardavila na PO-313 en Marín, e entre Trasouto e o Alto da Portela na PO-551 en Bueu. Están en execución as obras entre Bagüín e Seixo na PO-551 en Marín, entre A Moureira e Palmás na PO-551 en Domaio (Moaña) e entre Pardavila e Cadro na PO-313. O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.

En paralelo, estanse tamén a promover as actuacións necesarias para eliminar os Treitos de



Concentración de Accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe pódese indicar que están rematadas a mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 en Bueu e Marín, e a mellora desta mesma estrada en Domaio (Moaña). Está en execución a obra de Mellora de Seguridade viaria na PO-551 en Tirán. O investimento nestas actuacións acada os 3,3 millóns de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para as sendas na comarca do Morrazo, que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.

Por último, a actuación da DXT e a intensificación da vixilancia na estrada son medidas que buscan minorar o factor humano nos accidentes, que está detrás da maioría dos sinistros. Dende a Xunta de Galicia estase a traballar no mesmo sentido, e especificamente cos motoristas, levándose xa varios anos celebrando cursos de condución segura na área de Vigo en colaboración cos propios motoristas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:06:18
Nº Rexistro: 41484
Data envío: 20/09/2022 11:06:18.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:06:15

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **31196**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno"** (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR750A) cun importe de 3.500.000€.

Posteriormente, no DOG do 26 de abril, publicouse a Orde do 22 de abril de 2022 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 14 de febreiro por un importe de 1.200.000€.

Así, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinou un total de 4.700.000€ para apoiar ao sector do lecer nocturno polos peches provocados pola covid-19 en resposta ao gromo que se produciu en outubro-décembro de 2021.





E do total das 672 solicitudes presentadas, foron atendidas o 100% das mesmas que cumprían os requisitos da convocatoria, é dicir, 579”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:05:57
Nº Rexistro: 41481
Data envío: 20/09/2022 11:05:57.102

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:05:53

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **34143**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego após terse permitido a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón”** (publicada no BOPG número 315 do 4 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

”

Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.			
Nº de rexistro	34141	Data de entrada	26/04/2022
Nº BOPG	315	Cualificación	1ª – comisión
Sobre a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.			
Nº de rexistro	34142	Data de entrada	26/04/2022
Nº BOPG	316	Cualificación	ES – escrita
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego após terse permitido a presenza de persoas menores de idade en espectáculos taurinos nas Festas da Pascua 2022 en Padrón.			
Nº de rexistro	34143	Data de entrada	26/04/2022
Nº BOPG	315	Cualificación	PL – pleno



A xefatura territorial da Coruña da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo resolveu con data 12/04/2022 autorizar o festexo taurino a celebrar en Padrón o 17 de abril de 2022.

Con respecto á mesma, a Xunta de Galicia defende a plena liberdade de todas as persoas para elixir entre as diferentes pautas de consumo e asistencia a todos aqueles espectáculos públicos ou actividades recreativas que contén co correspondente amparo legal.

Como non podería ser doutro xeito, o goberno galego oponse totalmente ao maltrato animal e, neste senso, os servizos competentes —entre eles, o persoal policial da UPA— denuncian aquelas condutas que poidan tipificarse como maltrato animal e que, en consecuencia, merecen ser sancionadas.

O goberno galego considera que cómpre regular o acceso das persoas menores de idade a determinados establecementos públicos, espectáculos públicos e actividades recreativas, en función da súa natureza, coa finalidade de garantir a súa protección. Por iso, a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia lle outorga unha especial relevancia á protección integral da infancia e da adolescencia, prohibindo expresamente o acceso aos espectáculos taurinos aos menores de 12 anos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41612
Data envío: 21/09/2022 15:58:17.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2022 15:58:14

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **34473**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a agresión realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical”** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno na sesión celebrada o 25 de maio do 2022 na resposta á POP con número de rexistro 34985, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/
LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ)

Na devandita sesión, o Goberno condenou todo tipo de agresións, entre elas a realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:28:44
Nº Rexistro: 41629
Data envío: 22/09/2022 10:28:44.487

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 10:28:34

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rf: ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **34782**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2022"** (publicada no BOPG número 320 do 19 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A análise dos datos do ano 2022 en Galicia amosan un panorama xeral de crecemento económico no marco dun mercado laboral no que todos os indicadores rexistran unha evolución positiva.

De feito, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 1º e 2º trimestre de 2022 presentan o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

Segundo os últimos datos dispoñibles (EPA 2º trimestre de 2022), o número de parados diminuíu en 13.000 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 139.400, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008. Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 11,2, o que supón baixar máis dun punto con respecto ao 12,4 do segundo trimestre de 2021. Hai 14 anos que non se rexistraba nun segundo trimestre unha taxa tan baixa.





O número de ocupados situouse en 1.105.200 traballadores, con 28.500 empregados máis que hai un ano, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 47,2, e a de actividade tamén aumenta situándose nun 53,2 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 15.600).

En Galicia, a baixada do paro interanual débese exclusivamente á creación de emprego, feito constatado polo aumento efectivo que se rexistrou na ocupación. Polo tanto, a causa do descenso do paro foi resultado do aumento do emprego, e non se produciu como consecuencia dunha caída da poboación activa, que é o outro factor que explica os descensos do paro. Galicia conseguiu incrementar o seu número de activos en 15.600 novas persoas que se atopan en disposición de acceder ao mercado laboral.

Este incremento da actividade implica un dobre resultado positivo. Por unha banda supón un crecemento da poboación que quere incorporarse ao mercado laboral e, por outra, este tivo unha resposta positiva, sendo capaz de absorber esta demanda de actividade, dado que se incrementou á ocupación en 28.500 persoas e o paro descendeu (-13.000).

Con respecto a 2019, a comparativa, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, está notablemente influída pola crise derivada da situación sanitaria que supuxo unha ralentización da economía global. A pesar diso, a resiliencia do mercado laboral galego trala covid-19 é un feito evidente: os 32.600 ocupados que perdeu Galicia no período de incidencia da pandemia, xa se recuperaron e mesmo se superaron. De feito, actualmente temos 54.800 ocupados máis que no trimestre que marcou a maior incidencia da crise sanitaria (2º trimestre de 2020).

Este crecemento do emprego que avala a EPA, reafírmase cos datos de afiliación da Tesoureira Xeral da Seguridade Social. Galicia conta con 1.058.193 afiliacións en xullo de 2022, sendo a cifra de altas de afiliación a máis alta desde o ano 2008.



Esta senda de recuperación do emprego vén acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Incluso se comparamos a situación actual coa que atopábamnos en 2019, observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa.

Os indefinidos no segundo trimestre de 2022 en Galicia aumentaron con respecto ao mesmo período de 2019 en 76.100 novos asalariados, o que representou un aumento do 11,85%, este incremento foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado que foi do 8,61%. O crecemento do emprego indefinido entre as mulleres, tamén foi superior en Galicia (9,81%) que na media do Estado (8,56%).

Esta mellor evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 79,9% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 77,7%. Ademais, esta porcentaxe incrementouse con respecto á rexistrada en 2019 en 6,6 puntos, tamén por riba do que sucedeu no Estado, 3,9 puntos.

Este incremento tamén se reflectiu entre as mulleres, de feito actualmente (2º trimestre de 2022), as mulleres galegas con contrato indefinido representan o 77,2% do total de asalariadas, mentres que no Estado representan o 75,2%. Medrando a porcentaxe de galegas indefinidas en 4,8 puntos con respecto a 2019, mentres que no conxunto do Estado sobe a súa representatividade con respecto a 2019 en 2,8 puntos.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

En Galicia, segundo a última EPA, contamos coa mesma porcentaxe de ocupados a xornada completa que no conxunto do Estado, un 86%. A evolución con respecto a 2019 tamén foi positiva e aumentaron os ocupados a xornada completa.





Dentro do emprego autónomo, destaca o avance do emprendemento en Galicia nesta última EPA (2º trimestre de 2022), non só con respecto a 2020 senón tamén con respecto a 2019. As persoas traballadoras por conta propia que empregan asalariadas creceron en Galicia con respecto ao 2º trimestre de 2019 en 1.900, un 2,9% e con respecto ao 2º trimestre de 2020 en 7.500, un 12,32%. Este feito apuntala a mellora da calidade do emprego, dado que as novas persoas ocupadas empregan a súa vez a novos traballadores e contribúen notablemente ao dinamismo do tecido produtivo.

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, segundo OS datos da última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto 2019. O número de fogares con todos os activos ocupados aumentan en 19.500, situando a cifra destes fogares en 636.600. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 56,75% neste trimestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:54:50
Nº Rexistro: 41415
Data envío: 20/09/2022 10:54:50.485

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:54:46

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno : **34927** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade de adoptar novas medidas para protexer a saúde e a seguridade laboral"** (publicada no BOPG número 323 do 25 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 29 de xuño de 2022 a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, María Jesús Lorenzana Somoza, deu resposta no Parlamento galego á interpelación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego número de rexistro 34926 sobre a sinistralidade laboral.

En Galicia si existe unha política real e efectiva no eido da seguridade e saúde no traballo. Ademais, por parte da autoridade laboral e dos órganos técnico e inspector nesta materia, existen medidas e accións que teñen como obxectivo reducir os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, así como mellorar a integración e a xestión da prevención dos riscos laborais no tecido empresarial galego.

Ao marxe da normativa de aplicación, o máximo expoñente desta política son as sucesivas estratexias de seguridade e saúde laboral acordadas no seo do diálogo social aberto polo Goberno galego e que se converteron no guión a medio prazo para a execución decidida e conxunta con organizacións sindicais e empresariais destas políticas en Galicia.





Remitimos a ligazón da resposta:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFlLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=682](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MzQ2YjEyZTUtMDM1Ny00YWFlLWFkODgtZmFkMGI5OGFkYmQ0&start=682)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:54:27
Nº Rexistro: 41412
Data envío: 20/09/2022 10:54:27.517

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:54:24

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26538** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a exclusión do xornal Nós Diario da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021"**, (publicada no BOPG número 256 do 14 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

"A concesión das axudas públicas a empresas xornalísticas está regulada na Resolución de 15 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Medios, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas económicas destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión, no marco do Decreto que ven regulando este tipo de axudas desde hai máis de 20 anos.

As devanditas bases establecen de xeito preciso e transparente o marco legal para a concesión das axudas procedentes de fondos públicos, no que non son aplicables as consideracións alleas a esta regulamentación que poida establecer unha empresa privada allea á Administración pública, como é o caso da Oficina de Xustificación da Difusión.

No caso da publicación á que se refire a pregunta, a empresa xornalística non cumpre coas bases reguladoras desta orde de axudas, bases que, por outra banda, no que se refire aos xornais diarios non ten variado desde o ano 1999.





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

De feito, dita empresa está a ser beneficiaria doutras ordes de axudas públicas aos medios de comunicación, tanto no seu soporte dixital como en papel, porque cumpre as bases reguladoras de ditas ordes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:56:36
Nº Rexistro: 41429
Data envío: 20/09/2022 10:56:36.406

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:56:33

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **26650**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a creación do plan de igualdade da Corporación Radio e Televisión de Galicia”** (publicada no BOPG número 258 do 18 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A violencia contra as mulleres é unha lacra no contexto dunha situación de desigualdade. A súa superación só virá da man da erradicación das discriminacións por razóns de sexo e dunha implicación activa de toda a sociedade. Os malos tratos e a violencia contra as mulleres constitúen un atentado contra o dereito á vida, a dignidade e a integridade física, psíquica e moral das vítimas. E este fenómeno de lamentable actualidade engloba un problema social no que debemos implicarnos e contra o que debemos loitar”.

Este texto corresponde ao preámbulo das normas da CRTVG sobre o Tratamento da Violencia Machista: unhas pautas de tratamento informativo aprobadas hai anos polo Consello de Administración, que foi pioneiro en implementar as regras que a este respecto imperan en todo momento nas redaccións de Televisión de Galicia e a Radio Galega.

A CRTVG presta unha atención preferente a cantos contidos estean relacionados coa violencia contra as mulleres, e promove un compromiso activo en contra da discriminación da muller e a violencia machista. É o seu compromiso evitar en todo momento a transmisión de mensaxes que poidan contribuír a crear na sociedade unha sensación de impunidade ante estes delitos. Por iso, e seguindo o mandato do Consello



de Administración, as informacións relacionadas con este tema son sempre obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso que prima, ante todo, o respecto extremo perante as vítimas.

Esas pautas, as reguladas polo Consello de Administración elixido por este Parlamento, as que rexen en todo momento a liña informativa da CRTVG.

A CRTVG seguirá sempre amosando, día a día, o seu compromiso na loita contra a violencia de xénero, e farao sempre desde o rigor e o respecto, fuxindo do sensacionalismo e a demagogia.

A Corporación recibiu consecutivamente nos tres últimos anos a acreditación que a recoñece como Empresa Igual en Xénero 2021, un indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. En concreto, nesta mención salientase que "a CRTVG se atopa entre o "5 % das máis de 30.000 empresas analizadas en Galicia" que "consegue superar os exixentes criterios para obter estes recoñecementos, e que este indicador recoñece as empresas "que presentan altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xénero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións".

O compromiso coa igualdade está presente os 365 días do ano, tanto na programación de televisión e radio coma nas políticas de recursos humanos ou na comunicación corporativa e no eido da Responsabilidade Social Corporativa, que promove ao longo do ano varias #AcciónsG que teñen a igualdade de xénero como un eixe transversal, senón protagonista. Este 2022 comezou precisamente coa sinatura dun convenio encaminado a dar máis voz ás mulleres nos medios públicos. En xaneiro asinouse un convenio coa entidade Executivas de Galicia, que elabora un directorio de profesionais galegas que destacan nos seus diferentes ámbitos competenciais. Esta lista está composta por un crecente número de profesionais que, pola súa traxectoria, son referentes nas súas áreas de coñecemento tanto no mundo académico coma empresarial. Ademais de servir de fonte autorizada para que os medios de comunicación contemos con voces femininas como expertas, colaboradoras ou xeradoras de opinión, esta ferramenta ten outro



valor, que compartimos especialmente, xa que supón unha sólida referencia para as mulleres que inician as súas carreiras ou incluso para aquelas que aínda non elixiron a súa carreira. Tamén, foi protagonista da campaña divulgativa #FaiClic para sensibilizar, no marco da RSC e da pertenza da CRTVG a Pacto Mundial de Nacións Unidas, sobre a igualdade no ámbito educativo e profesional das TIC.

Nun plano máis interno, a Corporación segue a traballar, no marco da súa Comisión de Igualdade na CRTVG, na implantación dun Plan de Igualdade, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Despois de todo o periplo no que a empresa, en aras a acadar un acordo que permitise a aprobación do Plan de Igualdade da CRTVG, tentou dar resposta ás innumerables demandas da parte social e no que se debeu de realizar unha análise exhaustiva de tres anualidades diferentes, no momento actual atopámonos rematando unha nova fase de diagnose, a ao ano 2020.

Como complemento do anterior, a empresa ven de establecer, paralelamente aos traballos da comisión negociadora, e dando resposta ás demandas presentadas pola parte social, unha negociación para revisar o protocolo do acoso que nos permita acadar un novo texto máis operativo, e por outra banda para explorar a vía da valoración dos postos aos que fai referencia o Real Decreto 902 que redunde na identificación e solución de posibles casos de desigualdades retributivas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:56:14
Nº Rexistro: 41426
Data envío: 20/09/2022 10:56:14.906

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:56:09

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **26848**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e don Luis Bará Torres, sobre **“a construción dunha escada de peixes no río Deza”** (publicada no BOPG número 257 do 17 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As obras que están a ser executadas no Salto de Carboeiro teñen por finalidade adecuar esta instalación á lexislación ambiental e fluvial vixente, en concreto ao Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

Coa fin de proceder á dita adecuación ambiental, e trala oportuna tramitación, incluíndo informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Augas de Galicia resolveu autorizar a realización dunha serie de actuacións de adecuación ambiental consistentes, entre outras, na construción da dita escala de peixes como dispositivo de franqueo piscícola de ascenso.

Á vista de que as obras de construción de referencia estanse realizando axustadas á legalidade non foi incoado sancionador algún por este motivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:56:05
Nº Rexistro: 41425
Data envío: 20/09/2022 10:56:05.844

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:56:02

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **27264**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Xosé Luis Rivas Cruz, sobre **“a protección do lobo e a xestión de axudas para paliar os danos que produce”** (publicada no BOPG número 261 do 21 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As axudas polos danos producidos polo lobo están baixo o paraugas do establecido no plan de xestión e réxense, en todo caso, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O seu obxectivo é garantir a viabilidade desta especie no noso territorio, mantendo unha poboación estable e compatibilizándoa coa existencia da gandería extensiva e a viabilidade económica das explotacións agropecuarias.

Cómpre sinalar que o plan de xestión do lobo en Galicia é perfectamente coherente coa, a día de hoxe, única estratexia estatal vixente nesta materia.

Ademais, a dotación orzamentaria das axudas tense incrementado de xeito significativo nos últimos anos (por exemplo, un 38% entre 2020 e 2021), facendo posible incrementar os baremos por res e incluír neste 2022 o concepto de lucro cesante”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:52
Nº Rexistro: 41423
Data envío: 20/09/2022 10:55:52.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:55:49

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **27503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para a elaboración dun plan de reactivación para a hostalaría"** (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través de diversos departamentos entre os que se atopa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e co fin de paliar a situación de grave crise económica aos sectores máis afectados pola pandemia da covid-19, adoptou medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade, así como polos peches temporais dos seus establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria.

Entre esas medidas da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento do emprego e da actividade económica, atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021).





Ademais, no DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:58:55
Nº Rexistro: 41440
Data envío: 20/09/2022 10:58:55.373

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:58:52

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **27583**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **"as medidas da Xunta de Galicia respecto da degradación e destrución de hábitats de interese comunitario e prioritario das brañas do Deo"** (publicada no BOPG número 262 do 24 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na do Pleno celebrado o pasado 13 de xullo de 2022 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 35680.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 13 de xullo de 2022:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmY1Yzk1YjUtZmVLYi00NWM0LWFhOTUtNWFjNWl5Y2U4OTAz&start=1515>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:58:48
Nº Rexistro: 41439
Data envío: 20/09/2022 10:58:48.998

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:58:45

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **27969**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a postura do Goberno galego respecto de referendar a reforma laboral pactada polo Goberno do Estado cos axentes sociais"** (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Constitución Española asígnalle ao Estado central a regulación legal das Relacións Laborais e a súa execución ás Comunidades Autónomas. Neste sentido, cómpre recordar que a reforma laboral, aínda que foi pactada cos axentes sociais, non foi obxecto de debate parlamentario nin tampouco contou en ningún momento coas Comunidades Autónomas, as encargadas do seu cumprimento.

A parte máis importante da reforma laboral, dedicada á contratación, foi obxecto de esixencia pola Unión Europea.

O Goberno galego quere certezas para que o novo marco regulador para o traballo sexa efectivo e garanta a creación de emprego, a estabilidade e a seguridade xurídica da nosa economía. Ese debe ser o único camiño".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:58:34
Nº Rexistro: 41437
Data envío: 20/09/2022 10:58:34.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:58:31

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28575** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desdoblamento do centro de saúde da Milagrosa en Lugo”**, (publicada no BOPG número 266 do 28 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi contestado polo Goberno na resposta escrita da iniciativa con número de rexistro 28574 presentada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:48
Nº Rexistro: 41461
Data envío: 20/09/2022 11:02:48.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:45

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28743** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a sanción imposta a unha traballadora do servizo de urxencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 265 do 27 de xaneiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no Pleno na sesión celebrada o 8 de febreiro do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 28746 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjA4MDU4NTktZGFmOS00NTU5LTk1MzMtMWMMyZWNmMGQxZGNh&start=15407> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:35
Nº Rexistro: 41459
Data envío: 20/09/2022 11:02:35.011

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:32

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28775** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 da partida necesaria para a execución das obras de mellora da mobilidade e seguridade das estradas PO-363 e PO-250 ao seu paso por Redondela, así como sobre a remisión ao Concello do convenio definitivo para o arranxo da estrada PO-363"**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia executou nos últimos anos importantes melloras na rede viaria de titularidade autonómica no concello de Redondela. A máis relevante, a humanización de máis de un quilómetro da PO-323 en Chapela, na que se investiron case 2 millóns de euros e que contou cun cofinanciamento do Concello de 370.000 euros, que posibilitou a renovación dos servizos urbanos no treito de actuación.

Para o acondicionamento e mellora da seguridade viaria da estrada PO 363, a Xunta de Galicia redactou o proxecto 'MSV e reordenación da PO-363. Treito: Redondela - Praia de Cesantes'. O Concello de Redondela é coñecedor deste proxecto e dos detalles da súa tramitación.

No mes de marzo de 2020, acompañando ao proxecto, a Axencia Galega de Infraestruturas remitiulle ao Concello unha proposta de convenio de colaboración para levar adiante a actuación. Esa proposta partía da premisa de que o Concello participase nos custos de execución da obra correspondentes a servizos urbanos, financiando o Concello as partidas de renovación das redes de saneamento e abastecemento e o 50% da partida de renovación





do alumeado e semaforización. Indicábaselle, ademais, que se procedería á tramitación do convenio no momento en que se recibise a conformidade ao mesmo, xunto coa certificación da retención do crédito correspondente ao cofinanciamento municipal.

En abril o Concello remitiu un escrito con varias observacións ao texto do convenio, sen chegar a certificación da retención do crédito, o que impediu avanzar na tramitación do convenio. Esta certificación achegouse moitos meses despois.

Sucedía ademais, con respecto á tramitación do proxecto, que unha parte importante da actuación se prevé executar sobre terreos que son Dominio Público Marítimo Terrestre, polo que era necesaria a autorización previa do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. O proxecto foille remitido en novembro de 2019, e a autorización foi recibida moito tempo despois.

En canto ao financiamento, supuxo un atranco fundamental que o Goberno do Estado excluísese este tipo de actuacións das que puidesen optar aos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Next Generation. Nin permitiu que a Xunta de Galicia actuase nin que o Concello de Redondela puidese acceder á convocatoria para entidades locais, ao focalizar as intervencións exclusivamente en cidades maiores de 50.000 habitantes ou maiores de 20.000 cuns condicionantes que concellos como Redondela non cumprían. Por isto, a Xunta de Galicia promoveu a declaración institucional a favor dun reparto xusto dos fondos Next Generation destinados a actuacións en materia de mobilidade por parte da Xunta de Galicia e de concellos galegos. De terse rectificado por parte do goberno do Estado, a humanización da PO-363 estaría tramitándose a día e hoxe para a súa execución.

No que se refire á PO-250, a Xunta de Galicia ten mellorado de modo histórico a mobilidade e a configuración da estrada na súa saída da capitalidade do concello, coas actuacións





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

‘Itinerario peonil na marxe dereita da PO-250, punto quilométrico 0+160’ e ‘Ampliación de estrutura e beirarrúa no punto quilométrico 0+160 da PO-250’. E ten solucionado o problema do muro da marxe esquerda da PO-250, co seu retranqueo. Este permitiu habilitar un espazo na marxe da estrada que necesita da xestión municipal para ter continuidade, xa que antes do muro hai unha edificación inacabada e abandonada na que remata a beirarrúa existente.

O Concello debe, mediante a súa xestión urbanística, resolver o paso pola fronte deste edificio. Pasado o treito reconstruído de muro, para ampliar a plataforma da estrada e dar cabida a un itinerario peonil, o Concello debe transmitir a súa proposta para o axuste dun viario municipal que discorre a unha cota superior á estrada autonómica e que acaba accedendo a ela, así como o retranqueo dos servizos municipais que foran necesarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:20
Nº Rexistro: 41457
Data envío: 20/09/2022 11:02:20.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:15

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **28786**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para garantir a supervivencia do sector da hostalería"** (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, a través de diversos departamentos entre os que se atopa a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e co fin de paliar a situación de grave crise económica aos sectores máis afectados pola pandemia da covid-19, adoptou medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade, así como polos peches temporais dos seus establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte a crise sanitaria.

Entre esas medidas da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento do emprego e da actividade económica, atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23 de febreiro de 2021).





Ademais, no DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:10
Nº Rexistro: 41456
Data envío: 20/09/2022 11:02:10.870

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:07

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **28801**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto, no sector do comercio ambulante, das medidas establecidas para afrontar a covid-19”** (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A covid-19 non só tivo efectos sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais. Consciente desta situación, a Xunta estivo e está ao carón dos sectores económicos máis afectados pola pandemia tal e como demostra a posta a disposición de medidas, a través de diferentes departamentos, e dos catro Plans de Rescate impulsados pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade que atenderon de xeito especial a determinados profesionais e negocios, entre os cales se atopa o comercio ambulante.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade puxo en marcha axudas específicas para as actividades que no ano 2020 e 2021 practicamente estiveron paralizadas, entre as que se atopan as de comercio ambulante.





Así, a Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa extraordinario das persoas traballadoras autónomas e microempresas con actividades especialmente paralizadas pola crise da covid-19, e á que se destinaron 3.083.000€, incluía como como beneficiaras aquelas persoas "que desenvolvan a súa actividade sen teren establecemento permanente aberto ao público".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:02:04
Nº Rexistro: 41455
Data envío: 20/09/2022 11:02:04.308

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:02:01

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 28814** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas necesarias para a mellora da sanidade pública da comarca da Mariña”**, (publicada no BOPG número 271 do 4 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no Pleno, na sesión celebrada o 23 de marzo do 2022, no debate da iniciativa con número de rexistro 28818 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVjMjhjODMtMWFhZS00OTQ0LWExM2UtZGI1YmY4MDhhYzcx&start=2252>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:01:57
Nº Rexistro: 41454
Data envío: 20/09/2022 11:01:57.589

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:01:54

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **29280**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento de persoal na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia”** (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Facendo fincapé en que en materia de provisión de medios na Administración de Xustiza existe unha pluralidade de órganos competentes, atinxe ao Poder Xudicial a autorización de plans de apoio e a adscrición de xuíces para reforzar os órganos que máis o precisan; o Ministerio de Xustiza é o competente na retribucións dos ditos membros da carreira xudicial e do Corpo de Letrados da Administración de Xustiza, respecto aos cales ademais ten a competencia plena, e tamén é competencia exclusiva do Goberno do Estado a creación de novas unidades xudiciais. O ámbito competencial que corresponde ás Comunidades Autónomas que asumiron traspasos en materia de xustiza é a xestión dos medios instrumentais (materiais e persoal auxiliar aos servizo dos xulgados e tribunais).

En relación co persoal auxiliar, a Xunta de Galicia vén establecendo medidas de apoio (prolongacións de xornada e/ou reforzos) cando existe un plan de actuación con expresión de obxectivos concretos.





No caso da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desde o pasado ano conta coa autorización pola Xunta de Galicia de 4 prolongacións de xornada retribuídas de persoal de tramitación e de auxilio xudicial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:29:19
Nº Rexistro: 41633
Data envío: 22/09/2022 10:29:19.299

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 10:29:16

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **29664**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o apoio á creación cultural galega por parte dos medios audiovisuais públicos de Galicia”** (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A proposta da CRTVG arredor da participación do grupo galego Tanxugueiras no Benidorm Fest, cunha estratexia para tentar ser relevantes nun evento doutra canle desde a perspectiva galega, e sen os dereitos de emisión, foi un éxito. A proposta dos profesionais da CRTVG tivo un alcance de 4,3 millóns de persoas.

A CRTVG, a sabendas da súa desvantaxe competitiva neste caso, o que fixo foi innovar, arriscar. Aproveitar as novas vías de comunicación e as novas linguaxes.

Señorías, a Tanxufesta foi un éxito tanto reputacionalmente, como en audiencia, como para a promoción da cultura galega por unhas vías polo de agora minoritarias, e nas que a CRTVG participa man a man coa comunidade dixital de Galicia para que o noso idioma e a nosa cultura teñan cada vez máis espazo.

A ‘Tanxufesta’ cumpriu os estándares de calidade da retransmisión dunha emisión múltiple con base na plataforma Twitch, e con extensión á TVG, Radio Galega e YouTube e con apoio do Twitter tamén. O relato, a oportunidade, a narrativa, o facer aquí e agora, a frescura, o carácter inédito ou sorprendente, a figura dos influencers - persoas amplamente recoñecidas na comunidade dixital galega- no canto dos



presentadores ao uso foron aspectos todos eles que audiencia valora moito e que forman parte tamén do servizo público.

A Tanxufesta da CRTVG tocou a 4,3 millóns de persoas, o que significa que foi unha das emisións máis seguidas da historia, e conseguiu que un programa nativo dixital saíra do seu ecosistema natural e funcionara na televisión e na radio polo interese do contido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:08:39
Nº Rexistro: 41501
Data envío: 20/09/2022 11:08:39.646

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:08:35

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 29796** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as denuncias presentadas por varias mulleres por abuso sexual por parte dun médico cando acudiron á súa consulta"**, (publicada no BOPG número 274 do 9 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no Pleno na sesión celebrada o 22 de febreiro do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 29801 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MDY5M2U1YTQtZTg5NC00NjhLLWE3ODgtZTE2M2JhNzRjZmY2&start=14109> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:50:42
Nº Rexistro: 41401
Data envío: 20/09/2022 10:50:42.848

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:50:40

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Emprego e Igualdade respecto da realización dun estudo sobre a situación do colectivo de lesbianas, gais, transxéneros, transexuais, bisexuais e intersexuais"** (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego está a impulsar desde hai anos medidas e políticas para acadar a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos, tamén no tecido empresarial e produtivo, buscando a mellora das condicións laborais das persoas traballadoras, a promoción profesional e a mellora de salarios de mulleres e homes, sen atender a ningún tipo de distinción.

Por iso, Galicia conta desde o ano 2014 cunha lei específica e propia de igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI (Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de LGTBI en Galicia) convertendo a Galicia na primeira comunidade cunha lexislación propia e desde 2018 co Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

De feito, o pasado 29 de xuño de 2022 reuniuse de novo o pleno do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, onde se aprobou unha declaración institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI e se informou sobre o estudo específico que a Xunta de Galicia está a elaborar sobre a situación laboral do colectivo para coñecer a súa realidade concreta e as discriminacións poidan sufrir no eido laboral.



O obxectivo non é outro que analizar as raíces para poder valorar a posta en marcha de medidas desde as diferentes administracións, en colaboración co tecido empresarial, á fin de favorecer a igualdade de oportunidades laborais.

Tamén no ámbito laboral, a Dirección Xeral de Relacións Laborais ofrece permanentemente e de forma aberta o diálogo social para manter un contacto fluído e abordar calquera asunto ou tema que aos axentes lles resulte de interese.

E neste sentido hai que destacar a “Guía para a prevención e o tratamento do acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas pemes”, publicada o mes de setembro de 2021, que está a disposición de todas as empresas e da cidadanía en xeral.

No ámbito da formación e da prevención laboral tamén traballa o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA). A diversidade é sinónimo de heteroxeneidade e, partindo da base de que as nosas empresas son diversas porque están formadas por persoas traballadoras diferentes, o seu obxectivo é integrar a diversidade na xestión preventiva e empresarial para garantir a igualdade e a non discriminación e para lograr un impacto empresarial, económico e social.

Así, o ISSGA traballa para que a prevención laboral inclúa todo tipo de diversidade, tamén a sexual, á fin de evitar calquera tipo de discriminación contra persoas traballadoras. E imparte formación en igualdade laboral, prestando atención aos colectivos especialmente vulnerables e con maior risco de sufrir algún tipo de discriminación no ámbito laboral, como é o caso do colectivo LGTBI”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:50:23
Nº Rexistro: 41398
Data envío: 20/09/2022 10:50:23.129

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:50:20

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30417**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do emprego na agricultura no primeiro semestre de 2021”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta un informe anual “Panorama rural-urbano” (último dato do ano 2021) onde establece tres zonas xeográficas de estudo segundo o grao de urbanización: a ZDP (Zona Densamente Poboada), a ZIP (Zona Intermedia) e a ZPP (Zona Pouco Poboada), sendo esta última a que se asimila á zona rural.

E seguindo co devandito informe, a afiliación na zona rural no ano 2021 ascendía a 254.160 persoas, producíndose un aumento con respecto a 2020 de 7.810 traballadores (3,17%) e acadando a cifra máis alta desde 2010 (ano no que había 257.695).

Polo que respecta a afiliación das mulleres na zona pouco poboada suman un total de 118.338, o maior número desde 2008 (2008: 118.771), o 46,56% dos cotizantes totais desta zona. E a afiliación feminina viña encadeando seis anos consecutivos de aumento (2014-2019), pero no ano 2020 produciuse un descenso da afiliación motivado pola pandemia da covid-19, aínda que en 2021 se recupera a tendencia positiva e esta zona gaña 4.304 mulleres afiliadas.





Por outra banda, segundo os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), correspondentes ao 2º trimestre de 2022, en Galicia o sector primario reflicte unha subida da ocupación trimestral de 2.500 persoas (un 4,04% máis), quedando a cifra de ocupados en 64.400 persoas; mentres que no conxunto do Estado as persoas ocupadas no sector primario diminúen un 4,64%. Cabe destacar que o peso da ocupación no sector primario en Galicia (5,83%) resulta superior ao peso reflectido no conxunto estatal (3,86%) arredor de dous puntos, resultando ser a sexta Comunidade Autónoma con maior representatividade do sector primario.

En relación á ocupación feminina neste sector, segundo datos da EPA do 2º trimestre de 2022, Galicia conta con 21.800 mulleres empregadas no sector primario, unha porcentaxe do 33,85%, superando á media estatal (22,25%) en 11,6 puntos e sendo a segunda Comunidade Autónoma con maior peso feminino no sector primario, soamente superada por Asturias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:07:53
Nº Rexistro: 41495
Data envío: 20/09/2022 11:07:53.006

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:07:35

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30418**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do emprego na agricultura no primeiro semestre de 2021”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto Galego de Estatística (IGE) presenta un informe anual “Panorama rural-urbano” (último dato do ano 2021) onde establece tres zonas xeográficas de estudo segundo o grao de urbanización: a ZDP (Zona Densamente Poboada), a ZIP (Zona Intermedia) e a ZPP (Zona Pouco Poboada), sendo esta última a que se asimila á zona rural.

E seguindo co devandito informe, a afiliación na zona rural no ano 2021 ascendía a 254.160 persoas, producíndose un aumento con respecto a 2020 de 7.810 traballadores (3,17%) e acadando a cifra máis alta desde 2010 (ano no que había 257.695).

Polo que respecta a afiliación das mulleres na zona pouco poboada suman un total de 118.338, o maior número desde 2008 (2008: 118.771), o 46,56% dos cotizantes totais desta zona. E a afiliación feminina viña encadeando seis anos consecutivos de aumento (2014-2019), pero no ano 2020 produciuse un descenso da afiliación motivado pola pandemia da covid-19, aínda que en 2021 se recupera a tendencia positiva e esta zona gaña 4.304 mulleres afiliadas.





Por outra banda, segundo os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA), correspondentes ao 2º trimestre de 2022, en Galicia o sector primario reflicte unha subida da ocupación trimestral de 2.500 persoas (un 4,04% máis), quedando a cifra de ocupados en 64.400 persoas; mentres que no conxunto do Estado as persoas ocupadas no sector primario diminúen un 4,64%. Cabe destacar que o peso da ocupación no sector primario en Galicia (5,83%) resulta superior ao peso reflectido no conxunto estatal (3,86%) arredor de dous puntos, resultando ser a sexta Comunidade Autónoma con maior representatividade do sector primario.

En relación á ocupación feminina neste sector, segundo datos da EPA do 2º trimestre de 2022, Galicia conta con 21.800 mulleres empregadas no sector primario, unha porcentaxe do 33,85%, superando á media estatal (22,25%) en 11,6 puntos e sendo a segunda Comunidade Autónoma con maior peso feminino no sector primario, soamente superada por Asturias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:07:32
Nº Rexistro: 41494
Data envío: 20/09/2022 11:07:32.054

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:07:24

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30602**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da diminución das mulleres ocupadas por mor da pandemia"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 2º trimestre do ano 2022 sinala que o número de mulleres galegas en situación de desemprego diminúe no último ano, concretamente en 8.900 paradas menos (-11,04%). Así, a cifra de mulleres paradas en Galicia ascende a 71.700, o 51,43% do total de parados que recolle a EPA. E se comparamos este dato con España, vemos que a nosa Comunidade conta cunha proporción menor de mulleres en situación de desemprego, Galicia é do 51,43% mentres que no Estado ascende ao 53,58%.

Isto quere dicir que a taxa de mulleres paradas se sitúa nun 11,91, mellorando a taxa nacional en 2,24 puntos onde acada os 14,15 puntos.

Por outra banda, o número de mulleres traballadoras en Galicia sobe no último ano en 18.700 (+3,65%). Así, a cifra de mulleres ocupadas (530.400) representa o 47,99% do total de ocupados segundo a EPA en Galicia. E se comparamos este dato con España, vemos que Galicia conta cunha proporción maior de mulleres ocupadas que a media estatal (Galicia: 47,99%; España: 46,37%).



Con respecto á situación antes da pandemia (2º trimestre de 2019) o certo é que se creou emprego feminino. As mulleres ocupadas medraron en 5.600, un 1,07%, unha subida superior á rexistrada entre os homes. Ademais, as mulleres asalariadas tamén incrementaron o seu volume con respecto a antes da pandemia, sendo o ritmo de creación de emprego do 2,96%, ademais a ocupación medrou con maior intensidade que entre os homes, que creceu a un ritmo do 2,37%.

En maio de 2020 (primeiro dato dispoñible), contabilizáronse 70.977 mulleres protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) e en xullo de 2022 esta cifra redúcese ata as 522 mulleres incluídas nun ERTE. Polo tanto, facendo un balance destes últimos 26 meses obsérvase unha evolución positiva; así, nos meses que está a durar a pandemia, saíron dun ERTE un total de 70.455 mulleres, o que supón o 99,26%. O descenso do colectivo masculino foi inferior, en concreto abandonaron esta situación 63.664 homes (98,47%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:49:58
Nº Rexistro: 41395
Data envío: 20/09/2022 10:49:58.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:49:55

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30736**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas de reforzo nos órganos xurisdicionais de Galicia"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"

Sobre as medidas de reforzo nos órganos xurisdicionais de Galicia.			
Nº de rexistro	30736	Data de entrada	17/02/2022
Nº BOPG	282	Cualificación	1ª – comisión
Sobre as medidas de reforzo nos órganos xurisdicionais de Galicia.			
Nº de rexistro	30737	Data de entrada	17/02/2022
Nº BOPG	283	Cualificación	ES – escrita

Nos últimos 10 anos as prazas de persoal auxiliar da Administración de xustiza, -que é o persoal transferido en materia de Xustiza á Comunidade Autónoma-, Incrementáronse nun 15%. Do mesmo xeito, nos orzamentos do ano 2022 contéplase a creación de 57 novas prazas de persoal ao servizo da Administración de xustiza dos corpos de Xestión, Tramitación e Auxilio Xudicial, consecuencia da creación dun xulgado do mercantil na Coruña e axustar a dotación de persoal de diversos órganos xudiciais e das oficinas fiscais que resulta oportuno levar a cabo.



Asemade, cómpre indicar que o persoal interino de reforzo que puntualmente se nomea para apoio aos órganos xudiciais e fiscais en Galicia segue a regulación prevista a través da Orde do 4 de outubro de 2018, e así, segundo se establece no artigo 19, cando, por circunstancias conxunturais, un órgano, servizo ou unidade da Administración de xustiza soporte unha carga de traballo extraordinaria, ou unha demora excepcional nos procedementos que non aconsellen acordar prolongacións de xornada aceptadas voluntariamente polo persoal funcionario, a dirección xeral competente en materia de xustiza poderá acordar o nomeamento de persoal interino de reforzo, sempre que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias.

En todo caso, a solicitude de persoal de reforzo debe vir acompañada dun plan de actuación, no cal se indicarán expresamente os obxectivos para cumprir e mais o tempo de duración estimado do reforzo. É, polo tanto, o resultado da aplicación do Plan de actuación, o que determina finalmente a adecuación da medida de reforzo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia,



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 41613
Data envío: 21/09/2022 15:58:24.795

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/09/2022 15:58:22

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30775**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a diagnose do Goberno galego respecto da fenda salarial entre mulleres e homes"** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A igualdade real e efectiva consagrada no artigo 14 da Constitución Española é un principio reitor da acción do Goberno galego e o establecido no artigo 35, relativo ao deber e ao dereito ao traballo sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo, é un compromiso firme da Xunta de Galicia.

Neste sentido, destacan numerosas iniciativas postas en marcha nos últimos tempos a prol da igualdade laboral entre mulleres e homes, sendo a máis significativa a ligazón nunha mesma Consellería dos ámbitos de emprego e igualdade. Estas medidas dan conta de que o Goberno galego non é alleo a problemas sociais e estruturais como a fenda salarial, unha situación que se produce en todas as comunidades autónomas, no conxunto do Estado e mesmamente na Unión Europea.

Por outra banda, cabe sinalar que as competencias para regular sobre a igualdade retributiva (lexislación laboral) recaen no Estado español, tal e como establece o artigo 149.1.7ª. Non obstante, e no ámbito das súas competencias, a redución desta fenda salarial é unha preocupación perentoria do Goberno galego.



Proba diso é o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no que xa se prevé a integración transversal da igualdade no campo laboral, debendo levar a cabo políticas que incidan na redución da fenda salarial.

Ademais, as actuacións do Goberno galego para reducir a fenda salarial céntranse no desenvolvemento das medidas legais establecidas na normativa estatal consistentes principalmente no impulso dos plans de igualdade nas empresas. Para iso dispónse, entre outras, das seguintes medidas:

1. Orde anual de Axudas de plans de igualdade, teletraballo, e flexibilización e conciliación. Unha delas é a do teletraballo, recentemente obxecto de regulación lexislativa e que supón o incremento da capacidade das mulleres para o acceso a postos de traballo de calidade que lle permitan a necesaria flexibilización. Así mesmo a concesión de incentivos para a flexibilidade horaria van colaborar na mellora da poboación feminina en idade de traballar e con cargas familiares.
2. Regulación da formación voluntaria e mínima en materia de igualdade laboral dos cadros sindicais e a representación das empresas na negociación dos plans de igualdade a través do diálogo social e a súa regulamentación posterior. No 2021 en total foron 800 persoas formadas en rexistro retributivo como ferramenta que identifica as fendas e 1.600 en plans de igualdade.
3. Desenvolvemento regulamentario da certificación galega en materia de igualdade, promoción pública da mesma co obxectivo de que as empresas desenvolvan cotas máis altas nesta materia, o cal vai favorecer a redución da fenda salarial, e indirectamente fomentar a corresponsabilidade e a conciliación familiar e laboral.

Pero ademais, o Goberno galego está a traballar na nova lei de igualdade, unha normativa que nace co obxectivo de seguir situando a Galicia á vangarda da busca da igualdade laboral, para actualizar e unificar nun mesmo texto as actuacións e medidas para loitar contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, así como referendar o compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.





A normativa introducirá ademais a idea do benestar laboral nas empresas, vinculada coas políticas de conciliación, relevo por maternidade, prevención de riscos laborais, teletraballo e responsabilidade social empresarial. Pero tamén busca regular medidas especiais para introducir a perspectiva de xénero no teletraballo e a promoción das boas prácticas do tecido produtivo galego, como o dereito á desconexión, o acceso prioritario a esta modalidade de traballo a vítimas da violencia de xénero ou a realización de actividades de formación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:07:06
Nº Rexistro: 41491
Data envío: 20/09/2022 11:07:06.585

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:07:03

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30830**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión do Goberno galego respecto da protección cautelar ou protección preventiva previsto na Lei 5/2019 do patrimonio natural e a biodiversidade nas Brañas do Deo”** (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na do Pleno celebrado o pasado 13 de xullo de 2022 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 35680.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 13 de xullo de 2022:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NmY1Yzk1YjUtZmVlYi00NWM0LWFhOTUtNWFjNWl5Y2U4OTAz&start=1515>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:06:45
Nº Rexistro: 41487
Data envío: 20/09/2022 11:06:45.679

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:06:42

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 21-22

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 30872** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os incumprimentos laborais da Xunta de Galicia e da empresa Mersant Vigilancia, adxudicataria da seguridade privada dos hospitais públicos de Valdeorras e Verín"**, (publicada no BOPG número 282 do 24 de febreiro de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno no Pleno na sesión celebrada o 4 de abril do 2022 no debate da iniciativa con número de rexistro 30875 presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWY1ZDFmMjctMmZhNS00ZGY3LTgzMTktMjhlYzRlNDFiMmNk&start=3720> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:06:37
Nº Rexistro: 41486
Data envío: 20/09/2022 11:06:37.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:06:29

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **30989**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais”** (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de Administración de Xustiza, apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola construción de novos edificios que permitisen, con visión de futuro, a creación de novas unidades xudiciais.

Desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta a este en grandes obras e en obras menores superou os 123 M€, o maior investimento na Administración de Xustiza desde que a comunidade galega administra as súas competencias, ao que se debe engadir outras actuacións de eficiencia enerxética nos edificios xudiciais da Comunidade Autónoma.

No ano 2022 continúanse as actuacións de mellora da eficiencia enerxética nos inmobles dedicados á Administración de Xustiza e obras de reforma puntuais segundo a planificación de obras menores en atención ás propostas das delegacións provinciais priorizando as máis urxentes segundo a dispoñibilidade orzamentaria da anualidade corrente.





As dependencias existentes nos órganos xudiciais nas que esperan custodiadas as persoas conducidas polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para a realización á hora sinalada da actuación para a que foron citadas, reúnen condicións acordes coa espera polo tempo imprescindible para o comezo do acto xudicial; e no que atinxe ao espazo de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado encargados da súa conducción, a habilitación acométese onde sexa posible coa colaboración de ser o caso do Concello respectivo ao tratarse de prazas en superficie”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 13:06:39
Nº Rexistro: 41667
Data envío: 22/09/2022 13:06:39.616

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 13:06:36

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 30993** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto da concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no concello de Marín ata Pardavila"**, (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A estrada autonómica PO-313 conecta as vilas de Marín e Moaña cruzando os montes do Morrazo. O seu estado de conservación, dende o punto de vista da circulación de vehículos, é bo. Dispón dunha correcta sinalización vertical, así como sistemas de contención para protección de motocicletas. A Intensidade Media Diaria (IMD) no tramo mais próximo ao do treito presuntamente máis perigoso é de 5.077 vehículos/día. Respecto da sinistralidade, indicar que dos datos dos anos 2016-2020, obtidos da Dirección Xeral de Tráfico, e de acordo coa metodoloxía aplicada non se identificou ningún treito de concentración de accidentes ao longo da estrada PO-313.

Por outra banda, salienta que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo. Así, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe. A data de hoxe pódese indicar que están rematadas as obras dos treitos Vilaseca-Lapamán da PO-551, Coirados-Pardavila na PO-313 en Marín, e entre Trasouto e o Alto da Portela na PO-551 en Bueu. Están en execución as obras entre Bagüín e Seixo na PO-551 en Marín, entre A Moureira e Palmás na PO-551 en Domaio (Moaña) e entre Pardavila e Cadro na PO-313. O investimento neste conxunto de sendas acada os 5,2 millóns de euros.

En paralelo, estanse tamén a promover as actuacións necesarias para eliminar os Treitos de



Concentración de Accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. A data de hoxe pódese indicar que están rematadas a mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 en Bueu e Marín, e a mellora desta mesma estrada en Domaio (Moaña). Está en execución a obra de Mellora de Seguridade viaria na PO-551 en Tirán. O investimento nestas actuacións acada os 3,3 millóns de euros.

En consecuencia, a Xunta de Galicia está a traballar moi intensamente para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros para a seguridade dos seus usuarios e que inclúe os treitos priorizados da PO-313. Esta programación de actuacións responde en ambos casos a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes, e a estratexia para as sendas na comarca do Morrazo, que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas.

Por último, a actuación da DXT e a intensificación da vixilancia na estrada son medidas que buscan minorar o factor humano nos accidentes, que está detrás da maioría dos sinistros. Dende a Xunta de Galicia estase a traballar no mesmo sentido, e especificamente cos motoristas, levándose xa varios anos celebrando cursos de condución segura na área de Vigo en colaboración cos propios motoristas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:06:10
Nº Rexistro: 41483
Data envío: 20/09/2022 11:06:10.867

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:06:07

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **31197**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **"as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno"** (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"No DOG do 15 de febreiro de 2022 publicouse a Orde do 14 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR750A) cun importe de 3.500.000€.

Posteriormente, no DOG do 26 de abril, publicouse a Orde do 22 de abril de 2022 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 14 de febreiro por un importe de 1.200.000€.

Así, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinou un total de 4.700.000€ para apoiar ao sector do lecer nocturno polos peches provocados pola covid-19 en resposta ao gromo que se produciu en outubro-décembro de 2021.





E do total das 672 solicitudes presentadas, foron atendidas o 100% das mesmas que cumprían os requisitos da convocatoria, é dicir, 579”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:05:50
Nº Rexistro: 41480
Data envío: 20/09/2022 11:05:50.024

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:05:46

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 31256** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proxecto e características do novo centro de saúde que se pretende construír no concello de Meis"**, (publicada no BOPG número 286 do 2 de marzo de 2022), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O contido da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foi tratado polo Goberno na pregunta escrita da iniciativa con número de rexistro 31255 presentada polo mesmo grupo parlamentario".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:05:35
Nº Rexistro: 41478
Data envío: 20/09/2022 11:05:35.727

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:05:33

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **31879**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"as razóns polas que o Goberno galego renovou o convenio co Consello da Avogacía para a asistencia xurídica a través do servizo de atención telefónica para supostos de ocupación ilegal de vivendas"** (publicada no BOPG número 292 do 16 de marzo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Cómpre destacar que non se renovou o convenio ao que se fai referencia na iniciativa e, no seu canto, o IGVS asinou o 9 de febreiro de 2022 un novo acordo co Consello da Avogacía Galega co obxecto de atender a persoas en situación de desamparo para que non perdan as súas vivendas e poidan acollerse ás axudas da Xunta. E tamén para facilitar asesoramento a propietarios e usufrutuarios de vivendas ocupadas ilegalmente.

O novo convenio establece o seguinte:

PRIMEIRO.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o IGVS e o CAG, para os fins de crear os canles de información necesarios para procurar que persoas en situación de desamparo non perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan acollerse aos programas existentes en materia de acceso á vivenda,





así como para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:05:06
Nº Rexistro: 41475
Data envío: 20/09/2022 11:05:06.274

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:05:02

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **33001**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a execución do programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual no ano 2021"** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"O programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da Covid-19 nos alugueiros de vivenda habitual incorporouse ao plan de vivenda estatal en 2020. Entre as condicións reguladas polo Goberno central para estas axudas están os criterios para demostrar a situación de vulnerabilidade, que son obrigatorios para todas as comunidades, tal como indica a orde ministerial. Polo tanto, a Xunta de Galicia non tiña posibilidade de modificar ditos requisitos.

Na convocatoria de 2021, todos os solicitantes que cumprían os requisitos recibiron a axuda solicitada. As non concedidas foron polos seguintes motivos: non cumprir os requisitos, non presentar a documentación que lles foi requirida no procedemento ou por renuncia expresa a esta axuda".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 11:04:16
Nº Rexistro: 41468
Data envío: 20/09/2022 11:04:16.994

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 11:04:13

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **34447**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e dona Carmen Rodríguez Dacosta, sobre **"a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical"** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno na sesión celebrada o 25 de maio do 2022 na resposta á POP con número de rexistro 34446, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/
LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ)

Na devandita sesión, o Goberno condenou todo tipo de agresións, entre elas a realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:56:53
Nº Rexistro: 41662
Data envío: 22/09/2022 11:56:53.388

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 11:56:49

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **34453**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a conduta do alcalde de Ourense contra unha representante sindical"** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno na sesión celebrada o 25 de maio do 2022 na resposta á POP con número de rexistro 34446, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/
LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ)

Na devandita sesión, o Goberno condenou todo tipo de agresións, entre elas a realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 11:56:40
Nº Rexistro: 41661
Data envío: 22/09/2022 11:56:40.138

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 11:56:29

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **34472**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a agresión realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical”** (publicada no BOPG número 318 do 12 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo do Pleno na sesión celebrada o 25 de maio do 2022 na resposta á POP con número de rexistro 34985, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/
LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/LkDeL83OoMJxAccqVr8hKy2i5ClrYRuUYpzqX5SDctNmCGLJ)

Na devandita sesión, o Goberno condenou todo tipo de agresións, entre elas a realizada polo alcalde de Ourense a unha representante sindical”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2022 10:28:57
Nº Rexistro: 41630
Data envío: 22/09/2022 10:28:57.065

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/09/2022 10:28:50

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **34774**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/asa do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de someter a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria o proxecto da Planta de Transferencia de Sogama situada no Concello de Arbo”** (publicada no BOPG número 320 do 19 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto da planta de transferencia de residuos de Arbo non presenta repercusións ambientais significativas nin se localiza nun emprazamento de especial singularidade ou sensibilidade, algo que queda reflectido no correspondente informe de impacto ambiental realizado polo órgano competente.

Para determinar o seu emprazamento, analizáronse todas as parcelas propostas para acoller instalación, que ten que cumprir unha serie de condicións a nivel de solo, acceso a servizos e distancia cos núcleos de poboación. Garantindo, deste xeito, que a operativa da infraestrutura se leve a cabo de forma responsable, segura e eficiente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:55:02
Nº Rexistro: 41416
Data envío: 20/09/2022 10:55:02.407

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:54:58

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **34783**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto dos datos da enquisa de poboación activa do primeiro trimestre de 2022"** (publicada no BOPG número 320 do 19 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A análise dos datos do ano 2022 en Galicia amosan un panorama xeral de crecemento económico no marco dun mercado laboral no que todos os indicadores rexistran unha evolución positiva.

De feito, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) do 1º e 2º trimestre de 2022 presentan o mellor escenario posible na súa evolución anual: incremento da poboación activa, xunto cun aumento da ocupación e un descenso do paro.

Segundo os últimos datos dispoñibles (EPA 2º trimestre de 2022), o número de parados diminuíu en 13.000 persoas con respecto a hai un ano, o que supón que o número de desempregados en Galicia situouse en 139.400, a cifra máis baixa nun segundo trimestre desde 2008. Pola súa banda, a taxa de paro situouse no 11,2, o que supón baixar máis dun punto con respecto ao 12,4 do segundo trimestre de 2021. Hai 14 anos que non se rexistraba nun segundo trimestre unha taxa tan baixa.

O número de ocupados situouse en 1.105.200 traballadores, con 28.500 empregados máis que hai un ano, de xeito que a taxa de emprego aumenta ata o 47,2, e a de





actividade tamén aumenta situándose nun 53,2 e reflectindo un número superior de persoas activas (anualmente subiron 15.600).

En Galicia, a baixada do paro interanual débese exclusivamente á creación de emprego, feito constatado polo aumento efectivo que se rexistrou na ocupación. Polo tanto, a causa do descenso do paro foi resultado do aumento do emprego, e non se produciu como consecuencia dunha caída da poboación activa, que é o outro factor que explica os descensos do paro. Galicia conseguiu incrementar o seu número de activos en 15.600 novas persoas que se atopan en disposición de acceder ao mercado laboral.

Este incremento da actividade implica un dobre resultado positivo. Por unha banda supón un crecemento da poboación que quere incorporarse ao mercado laboral e, por outra, este tivo unha resposta positiva, sendo capaz de absorber esta demanda de actividade, dado que se incrementou á ocupación en 28.500 persoas e o paro descendeu (-13.000).

Con respecto a 2019, a comparativa, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, está notablemente influída pola crise derivada da situación sanitaria que supuxo unha ralentización da economía global. A pesar diso, a resiliencia do mercado laboral galego trala covid-19 é un feito evidente: os 32.600 ocupados que perdeu Galicia no período de incidencia da pandemia, xa se recuperaron e mesmo se superaron. De feito, actualmente temos 54.800 ocupados máis que no trimestre que marcou a maior incidencia da crise sanitaria (2º trimestre de 2020).

Este crecemento do emprego que avala a EPA, reafírmase cos datos de afiliación da Tesoureira Xeral da Seguridade Social. Galicia conta con 1.058.193 afiliacións en xullo de 2022, sendo a cifra de altas de afiliación a máis alta desde o ano 2008.

Esta senda de recuperación do emprego vén acompañada por unha importante mellora da calidade do emprego xerado. Incluso se comparamos a situación actual coa que atopábamnos en 2019, observamos un incremento da ocupación indefinida e a ocupación a xornada completa.



Os indefinidos no segundo trimestre de 2022 en Galicia aumentaron con respecto ao mesmo período de 2019 en 76.100 novos asalariados, o que representou un aumento do 11,85%, este incremento foi superior ao rexistrado no conxunto do Estado que foi do 8,61%. O crecemento do emprego indefinido entre as mulleres, tamén foi superior en Galicia (9,81%) que na media do Estado (8,56%).

Esta mellor evolución do emprego indefinido en Galicia, enmárcase dentro dun panorama xeral que sitúa a Galicia cunha maior porcentaxe de indefinidos que a que reflicte o conxunto do Estado. En Galicia representan o 79,9% do total de asalariados, mentres que a porcentaxe do total nacional é dun 77,7%. Ademais, esta porcentaxe incrementouse con respecto á rexistrada en 2019 en 6,6 puntos, tamén por riba do que sucedeu no Estado, 3,9 puntos.

Este incremento tamén se reflectiu entre as mulleres, de feito actualmente (2º trimestre de 2022), as mulleres galegas con contrato indefinido representan o 77,2% do total de asalariadas, mentres que no Estado representan o 75,2%. Medrando a porcentaxe de galegas indefinidas en 4,8 puntos con respecto a 2019, mentres que no conxunto do Estado sobe a súa representatividade con respecto a 2019 en 2,8 puntos.

Outro indicador que mide a calidade do emprego xerado é a contratación a tempo completo.

En Galicia, segundo a última EPA, contamos coa mesma porcentaxe de ocupados a xornada completa que no conxunto do Estado, un 86%. A evolución con respecto a 2019 tamén foi positiva e aumentaron os ocupados a xornada completa.

Dentro do emprego autónomo, destaca o avance do emprendemento en Galicia nesta última EPA (2º trimestre de 2022), non só con respecto a 2020 senón tamén con respecto a 2019. As persoas traballadoras por conta propia que empregan asalariadas creceron en Galicia con respecto ao 2º trimestre de 2019 en 1.900, un 2,9% e con respecto ao 2º trimestre de 2020 en 7.500, un 12,32%. Este feito apuntala a mellora da calidade do emprego, dado que as novas persoas ocupadas empregan a





súa vez a novos traballadores e contribúen notablemente ao dinamismo do tecido produtivo.

Esta boa evolución percíbese nos núcleos familiares. Neste sentido, segundo OS datos da última EPA, tamén mellora a situación dos fogares con respecto 2019. O número de fogares con todos os activos ocupados aumentan en 19.500, situando a cifra destes fogares en 636.600. A porcentaxe que supoñen sobre o total de fogares galegos é do 56,75% neste trimestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:54:41
Nº Rexistro: 41414
Data envío: 20/09/2022 10:54:41.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:54:38

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **35000**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado dos traballos de recheo nunha parcela no lugar de Armuño, na parroquia de Lubre, no concello de Bergondo"** (publicada no BOPG número 323 do 25 de maio de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) tramitou un expediente de reposición da legalidade urbanística. Na resolución deste expediente, datada o 19 de abril de 2022, acordouse que as obras non son legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico. Ademais ordenase a reposición dos terreos ao seu estado inicial e establécese que, en caso de incumprimento, procederase á súa execución subsidiaria ou forzosa, mediante imposición de multas coercitivas.

Cómpre precisar que nestes intres a orde de reposición dos terreos non é firme, dado que a sociedade responsable interpuxo, dentro do prazo establecido, un recurso de reposición contra a resolución da APLU".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:49:37
Nº Rexistro: 41392
Data envío: 20/09/2022 10:49:37.177

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:49:34

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **35670**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Raquel Arias Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o balance e as previsións do proceso de conversión dixital da Radio Galega "** (publicada no BOPG número 328 do 8 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"A temporada 2021-2022 foi a máis frutuosa en canto a número, relevancia e impacto das accións desenvolvidas no marco da estratexia dixital na que o conxunto da Corporación Radio Televisión de Galicia está inmersa co obxecto de acadar novos públicos e adaptar a súa oferta de servizo público ás novas fórmulas de comunicación. O balance dos proxectos desenvolvidos é in mellorable en tanto que a Radio Galega se está situando no marco da converxencia dixital coas mellores instalacións e servizos para o desenvolvemento de proxectos de servizo público que permitan fidelizar as audiencias actuais e acadar novos públicos nicho.

Con estes postulados, o proxecto principal no marco da conversión dixital da Radio Galega na temporada 21-22 é a posta en marcha do estudio multimedia no Estudio 5 dos estudos centrais. Durante o ano 2021 acometéronse os traballos de deseño estético, profesional e técnico do espazo que acubillará parte da produción convencional da Radio Galega en FM e que integrará todos os proxectos de innovación. O estudio multimedia fortalece xa desde este 2022 a converxencia definitiva entre radio, televisión e internet. Os programas da Radio Galega poden ser emitidos en directo ou diferido por Televisión de Galicia ou calquera das canles dixitais da CRTVG



con calidade broadcast. As imaxes captadas tamén son usadas para ilustrar os contidos nas canles web e redes sociais.

Otra das principais novidades que ofrece este estudio multimedia é a garantía de resposta rápida nun escenario breaking news -noticias de última hora de alto nivel de relevancia informativa- para radio, televisión e entorno dixital. A radio é o soporte que de xeito máis áxil pode reaccionar ante este tipo de eventos grazas ás súas características de produción e emisión. A posta en marcha dun programa especial pode artellarse en tan só uns minutos, polo que un dos aproveitamentos do estudio multimedia será o lanzamento de programas deste tipo á emisión de Televisión de Galicia e entorno dixital, mentres que a televisión se dispón a preparar a súa propia engranaxe para a posta en marcha dun programa estritamente televisivos.

As novas instalacións están preparadas para a emisión ou gravación de concertos. Por este motivo, este é o espazo elixido para proxectos musicais nativos dixitais como 'Medio bolo', parado por mor da crise da pandemia da covid 19. Por outra banda, o espazo está preparado para acoller público en programas de radio convencionais ou en formatos híbridos e dixitais.

Outra das finalidades deste estudio a curto prazo é a creación de podcast nativos dixitais con imaxe, é dicir, a produción propia de videopodcast.

É un estudio de futuro, preparado para atender as novas tendencias de distribución de contidos de entretemento (como Twitch) e con deseño dinámico e fluído para a súa adaptación ás continuas novidades do mercado mediático.

Radio Galega Podcast lanzouse en outubro de 2021 como a nova experiencia dixital da canle pública galega para reforzar o papel da Radio Galega dentro da estratexia dixital global da Corporación Radio Televisión de Galicia e para seguir a senda das novas audiencias, novas e especializadas. Trátase dunha plataforma de deseño mobile first coa que a radio pública se adapta aos novos modelos de consumo da audiencia, para gozar dos audios específicos a calquera hora e contar coa experiencia de compartilos e valoralos na comunidade virtual de cada usuario. Conta, en xullo de 2022, con máis de



40 podcasts categorizados en 'Música'; 'Sociedade'; 'Ciencia'; 'Historia'; 'Cultura', 'Igualdade'; e 'Humor'. Está estruturada por temáticas, adaptada aos novos consumos e a creación de comunidades dixitais. O seu deseño é 'responsive' e 'first mobile', en tanto que todos os estudos de consumo sinalan que a audiencia escoita podcast prioritariamente a través do teléfono móbil.

O 'player' é nativo e permite a posibilidade de avances de trinta segundos e retrocesos de dez segundo e o buscador é intelixente. Os podcast pódense descargar e compartir por redes sociais. Así mesmo, inclúe acceso aos directos de Radio Galega, Radio Galega Música, Son Galicia Radio e Radio Picariña.

Por canto ao resto de plataformas, está integrada de xeito automático coa plataforma Ivoox e tamén nas plataformas Spotify, Apple Podcast e iTunes. Isto está vencellado a un sistema de medición de audiencia 360°. O estudio multimedia é o proxecto de maior envergadura da Radio Galega nos últimos anos, deseñado e posto en marcha coa responsabilidade de adaptarse de xeito áxil aos novos formatos informativos e de entretemento coa hibridación de audio e imaxe. Este espazo é un dos máis modernos de todo o Estado, con capacidade para desenvolver calquera formato cos máis altos estándares de calidade".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:44:18
Nº Rexistro: 41370
Data envío: 20/09/2022 10:44:18.946

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:44:16

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión : **36282**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/asa do mesmo grupo, sobre **“a apertura da convocatoria de axudas do bono alugueiro novo e a complementar este con fondos propios para o alcance das axudas ao alugueiro”** (publicada no BOPG número 338 do 29 de xuño de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central aprobou o Bono alugueiro mocidade, pero tardou catro meses en transferir os fondos ás comunidades autónomas. Pola súa banda, a Xunta de Galicia realizou a convocatoria no menor prazo posible, de maneira que foi a terceira comunidade en publicala.

Cómpre lembrar que a Xunta xa cofinancia con fondos propios o Plan estatal de vivenda 2022-2025. En concreto, un 30% do orzamento do plan (máis de 24 millóns de euros) corresponden a fondos achegados polo Goberno galego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2022 10:43:32
Nº Rexistro: 41364
Data envío: 20/09/2022 10:43:32.369

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 20/09/2022 10:43:28

CSV: BOPGDSPG-YxWgAfVka-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

